A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 59 / DO 27 DE ABRIL AO 3 DE MAIO DE 1979 / 30 PTAS.

A POPULARIZACION DUN OFICIO

O CONTRABANDO

PAXINAS 10 e 11



ACORDOS E DESACORDOS A ALCALDIA

PAXINA 3



LUGO

A plaga de tipulas nos prados

PAXINA 5

Velai ven o Maio!

PAXINA 20

DODRO E LIAÑO

Contra as desfeitas do ICONA

PAXINA 8



A INDUSTRIALIZACION

"Las empresas del INI van a emprender la fabricación de misiles", asegún informa "La Voz de Galicia" de 17 de abril, que recolle ademais unhas declaracións do Presidente deste organismo, Sr. De la Rica: "El cliente—rey del INI es la defensa. Es el más importante que tienen nuestras empresas".

Non pensen vostedes que es planificadores do INI se esquecen da nosa nación, tan necesitada dunha industrialización axeitada. Moi pola contra, escéitase seguido o rumor de que o Goberno español lle vai facer á Xunta de Galicia ás transferencias oportunas, pra por en marcha a producción de colonia subdesenrolada, non se fabricarán misiles, senén navallas de sete estales.

UNHA DE VAQUEROS

Nun informe publicado por "El Ideal Gallego" mércoles 18 de abril, descríbennos a situación de San Ciprián, no norte da provincia de Lugo: "Nos habían llenado la cabeza con cuatro detalles impresionistas e nada concretas. Aquello es Kansas... En seguida nos hablan de las barras americanas, el choque más resaltado de los tiempos modernos a Vivere. Son, dicen, una consecuencia de la implantación del complejo unos kilómetros más lejos. Todo en la zona es hoy achacable al complejo: el mal estado de las carreteras, que han tenido que soportar los miles de toneladas de maquinaria desplazada: las barras americanas, que poñen relajes fraudulentos a las itinerantes vidas obreras y a las otras de la tierra, pasmadas por la categoría de la incursión; el incremento de los precios en la vivienda y alimentación,..."

Imos asistir polo que parece ao parto dun novo xénero de posibilidades cinematrográficas inda por esplotar: o cocido westers. Póñense os pelos da punta ao pensar en quen lles toca interpretar o papel de indios.

CHATARRA

Asegún "La Voz de Galicia" de día 18: "España ocupa el segundo puesto del mundo en desguace de barcos, con 600.000 toneladas de chatarra".

E de temer que as mareas de chatarra sigan a mecha co presumible desguace de barcos galegos imposibilitados de faenar en augas da Comunidade Económica Europea despois xa dos aires acadados polo Goberno español. Nem bargantes, non hai motivos pra caér en posturas alarmistas, habida conta de que asegún rumores, a Xunta de Galicia tén preparado xa un plan pra es reestructurar o sector, e niste senso o Conselleire de Pesca, comenentemente asesorado por entidades, organismos e técnicos, tén xa recellido un volume de miocas que ascende a varios quintales, co fin de fernacer de cebos e e promover axeitadamente a modalidade de pesca á cana.



OS 200.000 FILLOS DO TIO SAM

"La Voz de Galicia" de martes, 17 de abril pública o seguinte titular: "Un ejercito de drogadictos. Más del 80 por ciento de los soldados de servicio. Entre el 20 y el 30 por ciento consumen estupefacientes duros como la heroina". O xeneral Joseph Menas declarou: "Me preocupa que algunos soldados que tienen bajo su responsabilidad complejas y peligrosas armas puedan tener un alto grado de intoxicación."

Os soldados que facían as campañas de Marrocos, a maior gloria de España, tomaban "prechaalumbe", tamén chamado "saltaparapetos". E a desgracia dos que teñen que defender coas armas aos seus propios nemigos, chámense Primo Rivera eu Pentágono. Convén non esquecer o exemplo edificante dos 200.000 abandeirados do "mundo libre", que xa se sabe que a Estatua da Libertade non pasa de ser un monumento de interés turistico.

CUESTION DE FALDAS

En "El Correo Gallego" de día 17 lemos: "González Seara ha traído en el zurrón una oferta madrileña de UCD para que Unidade Galega se avenga a razones, tras entonar a la izquierda gallega el "devuelveme las cartas de mi madre" se enlace con el partido del Sr. Suárez González. Localizado en el callejón del hilo telefónico el gallegüista Puosa Antelo, éste ha sido corto, novicial y expresivo: Dende logo, estamos máis solicitados que unha boa moza".

Pola sua banda, o PCG, desconsolado, manifestaba a "El Ideal Gallego": "A nivel gallego, al PCG le toco bailar con la más fea".

Os seguintes capítulos desta apasionante historia de amor e de celos, que promete todos os récordos acadados por "Simplemente María", "Lucecita", etc, poderán seguilo vostedes ao traves da "prensa regional" nos prósimos catro anos, dispois xa do pacto dos programas municipais de UG, PCG e PSOE.

Non se descarta unha, posible intervención de ministro de Interior polo posible contido pornografico deste "ménage a trois" e dacordo co principio, reconocido pola Constitución española, de "protección a la infancia".

Un paso adiante

A NOSA TERRA conta hoxe con máis de 4.000 suscriptores
pero necesitamos conseguir entre todos 1.000 novas suscripcións.
Colabore coa prensa galega, faga un suscriptor
pra A NOSA TERRA!

PIDA OS NUMEROS ATRASADOS QUE LLE INTERESEN, ENVIANDO O IMPORTE EN SELOS DE CORREOS.

Agasalle a un amigo cunha **COLECCION ENCUADERNADA** de **A NOSA TERRA** dende o número 0 ao 26.

O precio é somente de 1.200 pesetas, incluidos gastos de remesa.

Estado: Suscripción semestral, 800 Ptas. Suscripción anual, 1.500 Ptas.— **EUROPA:** Anual, 1.900 Ptas. Semestral, 1.000 Ptas.— **AMERICA:** Arxentina, Uruguay, México, etc. Anual, 2.600 Ptas. Semestral, 1.325 Ptas.— **U.S.A., Puerto Rico:** Anual 2.350 Ptas. Semestral, 1.200 Ptas.

Nome
Profesión
Enderezo
Poboación
Provincia

Desexo suscribirme ao periódico galego semanal A NOSA TERRA

por un ano ☐ por seis meses ☐.

☐ Envio o importe (cheque ☐ xiro postal ☐ transferencia ☐)

_____, a ____ de _____ de 197__

Novo nº. da conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735





"Ainda teño que ganar muita terra" (Rivas Fontán)

XURXO FERNANDEZ

"Manteiga (UG) en Santiago, foi un dos poucos que xurou e fixoo en español.

BLANCO

ACORDOS E DESACORDOS A ALCALDIA

"Se eu quixera asegurar a alcaldía, penso que podería ter chegado a algún pacto que me dera a maioría, pero deixamos vir o 19 cos 9 votos que tiñamos... As conversas que houbo na Toxa días antes de 2 membros de UCD con UG non facían referencia á cuestión de Pontevedra, eramos unha candidatura autónoma e, por outra banda, o seu carácter era informal, por canto os que tiñamos responsabilidades directas acó non recibimos mandado ningún pra asistirmos. Dixen e repito que anque a alcaldía pra min era relativamente fácil se tivera feito un pacto previo coa candidatura de Independentes, en ningún momento o fixen nin tiven ningunha conversa. No fondo, as candidaturas independentes non me parecen moi craras —esta democracia está montada en base a partidos políticos— e os votos das mesmas, que sempre se poden desviar, se cadra han provocar graves confusións..."

A elección de Xosé Rivas Fontán prá alcaldía de Pontevedra apresentábase paradigmática. Dunha banda, dos 4 concellais da candidatura Independente, promovida polo antigo alcalde Queizán, 2 membros estaban dispostos a votar PSOE, mentras que 3 dos seis concellais que sacara a UG, tamén independentes, entendían que como tales non estaban obrigados a respetar o que acordara a nivel nacional esta coalición. Se non parecía imposible que o PSOE recollera votos das ringleiras de Queizán —fontes fidedignas faláronnos do enfrentamento personais deste co Sr. Rivas—, semellaba difícil que os independentes da UG secundaran a operación ao ser dous deles —Fortes e Barcia— ex-membros cualificados deste partido estatal e de defenestración recén no mesmo, amais de interpretar a solicitude do PSOE nas reunións de Santiago —que PC, UG e BN-PG lle desen o voto en Pontevedra— coma unha maniobra contra dos seus ex-militantes. Así as cousas, e despois dunha cea á que asistiron esclusivamente representantes dos independentes das duas candidaturas Rivas recibiu 10 votos mentras que Caballeria, do PSOE, conseguía 9, Queixán 3 e, sintomáticamente, aparecían 2 "ilegibles" e 1 en blanco.

OS COMPROMISOS LOCAIS

Sin dúbida foi a coalición UG a que en maior medida non respetuo os acordos nacionais —en Moaña, cun alcalde do BN-PG, un dos seus membros non acudiu a votar— que, de calquer xeito, impediron que a dereita española nuns vinte municipios ocupara a alcaldía. Ao millor compre mecionar, na provincia da Coruña, o caso de Culleredo onde sí "trunfou" UCD ao non respaldar a candidatura independente, integrada por membros da desaparecida APG, ao BN-PG que contaba coma eles con cinco concellais, e o apoio do electo polo PSOE.

A nivel local, os acordos máis significativos foron os de Láncara, en Lugo, onde PC, PSOE e BN-PG tiñan cada un 2 concellais, e onde as duas forzas estatais, interesadas na alcaldía, non se puideron apoiar por mor das diferencias en torno a capitalidade do Concello propagadas por cada unha durante a campaña, tendo que votar ao candidato nacionalista. Ainda conseguirían as listas nacional populares algunha alcaldía máis da zona luguesa, ao ser a única forza con presencia nalqueles lugares onde enfrentamentos intercaciquiles —caso de Bóveda— imposibilitaron acordos entre CD e UCD.

Na provincia de Ourense, por fin, onde o continuismo foi máis ostentoso —UCE consiguiu 72 alcaldes dos 92 concellos— non fallaron tampouco as irregularidades, como por exemplo en Gomesende, onde CD repite alcaldía, unha alcaldía que tén dende hai 17 anos, por mor dun voto da UCD e outro do PSOE a pesares de ter acordado xunto co BN-PG non votar á devandita formación política.

VICTORIAS INSEGURAS

Se a primeira vista a nivel galego o partido gubernamental segue a dominar nas institucións locais, con 176 alcaldes dun total de 312, datos máis polo miudo testimuñan unha restra de intereses personais e caciquís encontrados que sacaron a luz, nomeadamente, as eleccións internas prá designación de diputados provinciais. O caso de Lugo, onde Rosón botou a terra os proiectos dos tecnócratas, situando por ampla maioría de votos a homes da sua rede na Diputación, ou mesmo o de Pontevedra, onde o candidato apoiado por Rivas tén como rival a outro da confianza de Pío Cabanillas, falan ao millor da necesidade que algúns sinten dunha UCD galega que, pra moitos, xa está a concretarse no seo dalgunha formación formalmente galega, á que nos temos referido de inicio.

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:
Acosta Beiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Marita Otero, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Emilio Veiga (Paises Catalpans), P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.

Diseño e Confección: Pepe Barro

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas

Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández

Redacción e Administracción:
Troia 10-primeiro Santiago
Teléfonos:
Redacción: 582681
Administracción (de 10 a 14): 582613

Imprenta: "La Región, S.A." Offset
C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña: A. González. Santiago: Prensa Nacional. Ferrol: Distribucións Velo. Pontevedra: Librería Cao. Vigo: Distribuidora Viguesa.
Bilbao: Distribuidora Vasca, Telf.: 4231933
Lugo: Souto
Ourense: Vda. de Lisardo
Barcelona: F. Rafael Artal, Telf.: 2433658

As voltas coa loucura

Estase a celebrar unha semá sobor da loucura en Galicia organizada polos alunnos de Psicoloxía. A base de conferencias e coloquios preténdese entrar un pouco na interpretación do mundo do tolo, nos elementos que desencadean a loucura e dos posibles métodos a empregar pra unha posible recuperación dos enfermos (partamos da base de que neste tema todo é cuestionable, incluida a mesma cuestión de que é o que hai que estudiar, se a "loucura" ou a "normalidade").

Nas moitas conferencias que antes de pechar a edición se deron podemos xa entresacar material que nos achegue un pouco ao tema. Non se pode falar específicamente de loucura galega pro sí cunhas peculiaridades galegas moi definidas (e moi pouco estudiadas). Así, a rotura dunha estructura social típica: unha superestructura que tenta impoñerse, un idioma alleo, a emigración, o cambeo do sistema familiar, a destrucción dos mecanismos máxicos e supersticiosos que a nosa xente usa, vennos deixar hoxendía cos mesmos índices de loucura, que nos demais sitios. Porque lembremos aquela frase de que "no século XVII, no reino de Galicia non había máis ca un tolo", ilustrativa dabondo. E o feito máis real de que cando en Galicia se fixo o primeiro manicomio aló polo s. XVIII, xa había polo Estado adiante unha pila deles.



XURXO FERNANDEZ

A casa das bonecas de Rañestres, ao pé de Maside (Ourense) é soio eso: Duas mulleres "tolas", que viven do seu traballo no agro sin calquer relación veciñal que non seña a estrictamente funcional. O illamento é tamén usual na nosa sociedade.

A loucura xurde, da rotura do equilibrio entre a sociedade e o individuo; entón, e ésta era outra das posturas dos conferenciantes, mentras que se pretendía que o psiquiatra reprimira ao tolo e se tentaba buscar o problema no propio enfermo, tratariase de todo o contrario, de que quen desequilibra ao individuo é a sociedade, polo que hai que conocer desta, concretamente, cales son os factores desencadeantes. A hora de buscar os métodos pra unha recuperación, a línea común dos conferenciantes falaba de que non se pode illar ao enfermo, non se lle pode apartar do resto da comunidade. E preciso unha comunicación cos seus, co barrio, en suma, co medio ambiente onde se desenvolveu sempre. Foi moi criticado o que na nosa sociedade se pretendera un achegamento do psiquiatra ao enfermo utilizando unha lingua allea, pois este achegamento era imposible. Igual que cando se desconoce a cultura do galego e non se entenden todos os símbolos e rituais que utiliza.

Tampouco é de esquencer —manifestariase— a gran necesidade dunha técnica aplicable á hora de intervir no conflicto sociedad-persoa.

P. VIZ

resumes

A FOLGA DOS PROFESORES DA UNIVERSIDADE

Hai uns días escomenzou a nivel do Estado unha folga promovida polos profesores de universidade contra das decisións que o Ministerio de Educación e Ciencia tomou respecto do acceso dos catedráticos de instituto directamente como adxuntos de universidade. Por este motivo, a organización estudiantil ERGA (Estudiantes Revolucionarios Galegos), comentou que "esta folga ten un contido ideolóxico fortemente reaccionario, posto que se ben se pretende encubrila mediante pantallas como a estabilidade no posto de traballo ou as milloras na calidade do ensino, no fondo subxace un enfrentamento entre os estamentos do profesorado, que teñen como meta se faceren donos dos mecanismos caciquiles que o estado pón ao seu alcance en cada un dos centros de ensino, favorecendo en moitos casos que os elementos reaccionarios se afortalen aínda máis e aumenten o seu campo de influencia".

Por outra parte, "esta folga que non cuestiona o fondo da problemática educativa do ensino colonial, somente repercute no aumento da selectividade e na construcción dun ensino cada vez máis clasist a, en función de intereses alleos ás necesidades obxetivas de Galicia".

AS ORDES DOS GOBERNADORES

Ao traveso dos diversos conflictos que se viñeron sucedendo en C.T. Meirama (Coruña), e como consecuencia do máis recén, acontecido en "Cubiertas" e M.Z.O.V., e asumido solidariamente polo resto dos traballadores da Central ao remate do mes de febreiro, o Gobernador Civil dista provincia remitiulle a Asociación de Empresarios de Transportes Discrecionais a Regulares da Coruña un escrito oficial advertindo de sancións económicas e apercibimento de peches de empresa a todas aquelas que se prestan a transportar aos traballadores dista central térmica en "situacións sociais, económicas e de solidaridade cos máis traballadores". Diante desto, a Coordinadora de Meirama esplica que esta orden gubernamental atenta contra dos principios fundamentais de solidaridade da clase traballadora. Ao mesmo tempo, esta disposición non fai senón atentar contra da recén aprobada Constitución, sacando a relocir o poder que os Gobernos Civís tiñan na época franquista e recortando visiblemente as atribucións do recén constituido axuntamento democrático. Así é que a pesares desa "orden" os traballadores tomarán as medidas oportunas pra que se elimine ese asoballamento.

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

LUGO

A plaga de tipulas nos prados

Dende hai algúns días, vense observando nas praderías da provincia de Lugo unha praga de vermes grises que están acabando en pouco tempo con gran parte da sua vexetación. Non é a primeira vez que aparecen pragas provocadas por insectos nos prados galegos. A última importante que recordamos foi hai dous anos na zona de Lalín, e as perdas foron moi importantes, anque desconozo se de feito se trataba do mesmo invasor.

QUEN E O INVASOR

Os insectos da familia dos Tipúlidos, entre eles as Tipulas, son moscas finas, de patas longas, e áas delgadas, e con anteas finas, por todas estas características semellan máis aos mosquitos que ás moscas, e po¡iso non é raro que normalmente en moitos sitios lle conozcan como "mosquitos", e ás veces como "mosquitos que se abanean" (isto último pola maneira que teñen de subir e baixar o corpo cando están pousadas).

Istes "mosquitos", de adultos non danan nada, pois nútrense de lamber líquidos; os causantes da praga nos prados non son polo tanto os "mosquitos" adultos, senon as suas larvas, como veremos logo. As femias das Tipulas fan a posta dos ovos nos prados e lugares de cultivo que as plantas cubran todo o chan, como por exemplo en cultivos de leguminosas forraxeiras, dado que a basta vexetación mantén unha alta humedade rente do chan (condición indispensable de cara a propagación dos vermes que saen dos ovos). A propagación tamén axuda o clima templado e húmedo nalgúns invernos. A posta de ovos fana as Tipulas en numerosos puntos no chan ou un pouco enterrados, e son sobre media ducia de ovos en cada sitio.

Dos ovos van sair na primeira as larvas, que son unhos vermes longos de 3 ou 4 cm. de longo, de coor gris e sin patas, que andan polo chan por movementos de contorsión axudados por falsa patas. Istes vermes son moi voraces, e nútrense sobre todo de raices e partes aéreas dos vexetais, acabando dista maneira coas plantas das pradarías. Son uns vermes difíciles de aplastar pola consistencia do seu pelexo, e por ista razón nalgúns sitios tamén se lles chama "vermes de coiro". A mediados do vran van acadar as larvas o seu maior tamaño, e transformaranse pouco e pouco en insectos alados, en verdadeiras Tipulas, capaces xa no outono de repetir o ciclo de reproducción. Algunhas Tipulas teñen duas xeneracións anuais, outras nada máis que unha.

COMO COMBATELOS

A forma máis eficaz de combater ista praga parece que é a base de cebos envenenados que se espallan en anoitecendo, entre liñeas das plantas, pero non riba destas, (debe facerse en anoitecendo porque os vermes saen sobre todo de noite). Estes cebos tamén parece que teñen pouca tosicidade pra o home e os animais. A sua composición é a base de fluosilicato de bario en cantidade dun kilogramo por 18 kilogramos de salvado gordo, e hai quybotarlle tamén auga hastra humedecelo.

Outros medios de loita sinalan insecticidad a base de Fenitrothion, ou Triclorfon... Todos eles son productos fosforados non recomendables, pois en caso de chegar ao organismo humano provocan enfermedades no aparato respiratorio que en casos graves poden producir a morte por asfisia, tamén son causa descenso da tensión no aparato circulatorio, gomitonas... etc., e presumible que efectos similares tamén os provoquen no gando se é que chega a pacer ainda despois duns días de se empregar no prado.

PRA ACABAR CON ELES

Como medida complementarias ao tratamento, procurarse evitar a escesiva humedade do chan, dai que os labores de cultivo en liñea contribúan a disminuir o número de larvas, así como as cortas de herba nos prados nalgunhas épocas determinadas podería disminuir a acción negativa dista praga. Esto débenos lembrar a importancia e necesidade duns organismos agrarios a nivel galego que partindo dun estudio científico do noso agro e do noso medio ambiente, puideran chegar a aconsellar o máis odóneo pra que istas pragas non se desen, e en caso de se daren, aconsellar a forma máis idónea pra as combater; e que non sirvan únicamente pra beneficio dunhas empresas que queren vendernos a toda costa productos de dubidosa eficacia, altamente costosos os máis diles e dunha tosicidade a corto, medio e longo prazo moito máis perxudicial que a praga mesma. Os fabricantes de insecticidas poden darlle unha vez máis as gracias a algúns responsables de organismos agrario oficiais que se achegan aos periódicos pra darnos a entender que a praga é algo natura en invernos atemperados e húmedos, e ao mesmo tempo aproveitan pra recomendarnos tal ou cal insecticida. A necesidade de organismos galegos que procuren unha agricultura racional e científica que impida que istas pragas se produzan, e algo obvio.

RAMON VARELA DIAZ

* Según os estudos de Michael Chinery, F. Domínguez, G. Tejero... etc.

DIBUXANTE PUBRICITARIO

a horas pra colabourar con

AXENCIA DE PUBRICIDADE

instalada en Vigo

escrebir a Apdo. 732 de Vigo (Ref. Dibuxante) indicando: ocupación actual e tempo libre

crónica política

Despois de tan longo período electoral, a faciana do noso país presenta feridas que nos recordan, dunha maneira sanguiñenta, que aquí nada tén mudado. Despois da dura e continua oposición á Autopista del Atlántico, ésta vai abrir un dos seus tramos, o situado entre a Coruña e Santiago. Ao tempo que se fai esta inversión desproporcionada, a conta maiormente do erario público, manexado pra lle garantir somente ganancias ao gran capital, o resto da rede viaria do país fica nun estado calamitoso. Noustante, a oposición a Autopista continúa en pé, porque están os intereses inmediatos dos afectados polas espropiacións sin respetar no que é de lei, porque o atentado que se fai á nosa orografía e á nosa ecoloxía é incalculable, porque a contribución da Autopista ao desequilibrio demográfico e económico entre a Galicia interior e a litoral ninguén o pode poñer en dúbida, porque ainda non está rematada na sua totalidade, e hai que tentar que non se consume.

O PRECIO QUE SE PAGA

Unha vez máis, o Goberno español vén de promulgar por Decreto os precios dos productos agrarios, e unha vez máis saen claramente discriminados os productos agrícolas e gandeiros da nosa nación. Como xa é tradicional na política agraria española, protéxese ao sector dos cereais, da vide, da laranxa, pero quedan sen se atender as reclamacións dos pequenos labregos galegos, aos que nin siquera se escoitou a traveso da sua organización sindical máis representativa. O precio do leite vense fixar en 19 pesetas, o que, engadido ás condicións de compra por parte das centrais leiteiras, convirte aos nosos labregos nos poseedores dun producto ao que eles non lle sacan a máis mínima rentabilidade económica. A cousa debe ser tan alarmante que os mesmos gandeiros apoiados na rede administrativa e caciquil veñen de se laiar con esta frase elocuente: "nosotros que nos hemos volcado siempryen colaborar con el Gobierno...". Ou seña que, hastra aos intermediarios da política do Goberno español en Galicia lles resulta evidente que a nosa economía agraria vai sair moi perxudicada do proceso de integración en Europa. Nembargantes, por incoerencia e servilismo político, aínda non se pronunciaron en contra de tal política.

A NOSA PESCA, CADA DIA MENOS NOSA

Os incidentes entre pesqueiros da Guarda e pesqueiros portugueses dentro das augas xurisdiccionais do país irmán, colocan outravolta a crisis da nosa pesca no marco real do que non tiña saido, pesie a cínicas e trunfalistas declaracións do Goberno español. E natural quyos traballadores do mar do veciño país defendan enrabexados as suas riquezas mariñeiras frente a un tipo de concesións, que eles consideran abusivas, por parte do seu Goberno. Non se pode esperar que, sin contrapartidas de importancia en troques, que non teñen por qué ser no sector obxeto de discordia, o noso veciño permita a política de espoliación tradicional dos seus caladeiros. Polo demais, é claro que ao Goberno español o que menos lle importa é a pesca de baixura galega e, polo tanto, deixa ao desenvolvemento de lóxicas liortas e enfrentamentos o conseguir o abandono do sector por parte de quen viña traballando nel hai séculos. Os portugueses, contra unha política lacaiuna e pro-imperialista dc seu Goberno, non fan máis que reaccionar con enerxía. E moito máis solprendente e intolerable que, dentro das nosas propias augas territoriais, non se respeten os nosos intereses pesqueiros, pois somos danados gravemente nos nosos aparellos e nas nosas capturas por parte dos "bous" pertencentes a outras nacións do Estado español, sin que este reaccione mínimamente en favor dos nosos desprotexidos mariñeiros. Temos ademais que advertir que a presencia de "bous" bascos e santanderinos nas nosas costas medrou de maneira notoria desque o Mercado Común lle puxo topes e condicións á flota pesqueira española no Grand Sole. Polo que se ve, son as colonias as que sofren máis violentamente as consecuencias das subordinacións pro-imperialistas.

IRMANDADE NO PRIMEIRO DE MAIO

Próximo a se celebrar o Primeiro de Maio, día da clasetraballadora internacional, A NOSA TERRA desexa lembrar que a unidade verdadeira das clases oprimidas está nacoincidencia na sua práctica antiimperialista, factor fundamental pra que se poida falar de irmandade, de fraternidade entre os pobos. Todo outro tipo de unidade puramente formal non é máis que un perxuicio pra os que xa están dabondo perxudicados: os pobos colonizados.

NAS FESTAS DE GALICIA

xanela

DIFUSORA CULTURAL GALEGA, As Lagoas, Edif. Mediodía, 9-terceiro izqda. Teléfono (981) 20 46 04. A CORUÑA. GALICIA.

TEATRO, CONFERENCIAS, MUSICA E CANCIONS GALEGAS

HORARIO DE OFICINA DE 10 A 1 DE LUNS A VERNES

Os sindicatos perante o 1.º de maio

Dende 1886, a clase obreira do mundo vén celebrando o Primeiro de Maio como data clave pola sua liberación. A loita polas oito horas de traballo, significativa dos sucesos de Chicago, foise trocando na medida que a evolución política e social de cada país iba avantando no seu desenrolo. No Estado español, pasouse de celebralo con proibicións, despregue de forzas dyorde público, balas de goma, botes de fume, multas, paus, detencións, a convertirse posiblemente nunha data simbólica, unha festa legal que xa non necesita que a televisión monte programas especiais, partidos de fútbol... que atraian a atención do ciudadano pra que non comparta o esprito de loita que dende a clandestinidade se plantexaba...

OS SINDICATOS ESPAÑOLES

Este primeiro de maio, de 1979 ven determinado, asegún as CC.OO e UGT, "no contesto da aguda crisis económica, agravada en Galicia pola falla de desenrolo económico, con sectores clave coma construcción naval e pesca arruinados, que conlevan un aumento alarmante de parados e espedentes de crisis que atefegan a Galicia. O reto que hoxe tén o movemento sindical é conquerir os dereitos que ainda se nos siguen a negar. Por eso nos chamamos a manifestarnos unánimemente por: un plan eficaz e realista contra do paro, en defensa do poder adquisitivo dos salarios, polos dereitos da muller traballadora, pola devolución do patrimonio sindical e polo estatuto dos traballadores".

Os actos organizados pra esta data, son manifestacións. Na Coruña, Santiago e Ribeira, conxuntamente CC.OO. con UGT. No Ferrol tamén se sumara USO. En Vigo sumárase CSUT. En Redondela chama esclusivamente CC.OO. En Ourense CC.OO., UGT e CSUT. En Lugo estarán presentes CC.OO e UGT. A parte festiva levarana cada un pola sua banda.

¿CON QUEN SE MANIFESTAR?

Topamos con bastantes problemas á hora de averiguar os actos proiectados. Por exemplo, a CSUT non tiña moi craro como iban orientar o seu traballo. Conseguimos, eso sí, o contido e valoración que da data tiñan. "O primeiro de maio plantexamolo en base a duas cuestións fundamentais: unha, a devolución do patrimonio sindical e, outra, contra dos topes salariais dos que xa falan diferentes organismos. A nivel de Estado hai un acordo pra levar a cabo unha campaña de masas pra devolver o patrimonio sindical con todo tipo de accións, no quyse integran sindicatos como SU, CSUT, Sindicato Libre da Marina Mercante (SLMM), ING, LAB, SOC (Sindicato Obrero Canarios). Hai un craro intento de facer un sistema bisindicalista onde CC.OO. e UGT se presentarían como as únicas alternativas, marxinando ao resto do sindicalismo de clase, que hoxendía está dividido. Por outra banda, vense os intentos de UCD pra controlar a USO".

Baixo as consignas de: por un primeiro de maio unitario, polo estatuto dos traballadores, pola devolución do patrimonio sindical, por unha alternativa negociada á crisis económica e o paro, USO coméntanos que niste día "a clase traballadora, dende a rúa e dende os centros de traballo, debe facer ouvir a sua voz con enerxía en demanda deses obxetivos inaplazables. Obxetivos que van acaparar todo o esforzo da USO nos prósimos meses por consideralos urxentes".

O CONTIDO GALEGO DO PRIMEIRO DE MAIO

A ING convocou manifestacions en Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Ourense cun lema central de "defensa do posto de traballo na Nosa Terra" e "contra dos topes salariais"; tamén pola devolución do Patrimonio Sindical, e pola auto-organización da clase traballadora galega. "As agresións arreo do capital imperialista español sobor da clase obreira galega, a medida que se estabiliza a democracia burguesa española fanse cada día máis graves: espedentes de crisis e regulacións de plantilla, a política de topes salariais (13 por cen) como unha continuación dos Pactos da Moncloa e da política pactista e conciliadora dos sindicatos españoles; a falla sistemática de creación de postos de traballo e un longo etcétera, levanos a denunciar a situación de sobreesplotación a que estamos sometidos e a necesidade dos traballadores galegos de autoorganizarse. E unha data de movilización, de concienciación, partindo da organización dos traballadores galegos en forzas sindicais propias".

Pola tarde, e tamén en varias cidades galegas, a ING tén organizadas festas populares conmemorativas da data.

M. OTERO

OS TOPES SALARIAIS

A política económica do goberno UCD nos derradeiros 2 anos tivo e ten como arma decisiva os topes salariais, conseguidos no ano 78 por un acordo golobal co PSOE e PCE, e non derradeiro ano por Decreto-Ley avalado en solitario pola UCD. Os topes salariais teñen como finalidade, e os resultados están á vista, cargar sobor os traballadores a crise do capital mediante a redución da participación destos na "tarta" e un aumento similar do capital que lle permita manter as suas "cuotas de ganancia"; en poucas palabras: **repartir as menores gañancias de xeito ca patronal siga gañando igoal que cando as vacas gordas.**

RICOS CONTRA POBRES

Parecerá a simple vista que tódolos traballadores, calquera seña a nación do Estado, van padecer igoal a crise, nembergantes non é así: a repercusión non é a mesma por poñer un eixemplo en Euskadi, Catalunya e Madride que no noso país, Galicia.

Mentras o salario normal en Madride, Barcelona, Valencia, Zaragoza ou Bilbao (falamos dun 80 por cento de casos) rondaba as 35.000 pesetas brutas no 78, e a aplicación do Pacto da Moncloa reportoulle 7.000 e a do actual Decreto-Ley 5.880; a un traballador galego (falamos dise mesmo 80 por cento de casos) cun salario de 25.000 pesetas istes aumentos representáronlle 5.000 e 4.200. Así é como ó cabo de dous anos os uns atopábanse cun salario de 47.880 e os outros de apenas 34.200, nada menos que 13.680 pesetas de diferencia, frente a 10.000 dous anos antes!!!. Claro que os salarios que eiquí damos como media en Galicia son un pouco altos xa que, por dar un eixemplo: testil, metal menos cen, químicas, conserva, madeira, están moi por debaixo, e por outra banda a concentración de Universidades, Ministerios, Hospitales, grandes fábricas, etc., en Madride, Barcelona ou Bilbao elevan máis estas diferencias.

Iste é sin lugar a dudas o aspecto máis importante do "Pacto da Moncloa" e da sua continuación via Decreto-Ley; O MARXINAR ECONOMICAMENTE OS TRABALLADORES DAS NACIONS COLONIAIS DO ESTADO (Galicia-Canarias) FACENDO CA FAMOSA RECUPERACION ECONOMICA CAIA CON MAIS PESO SOBOR AS NOSAS COSTAS

SON BOS OU MALOS?

Asegún CCOO e UGT xuraban e rexuraban o ano pasado os pactos non solo mantiñan o poder adequisitivo dos traballadores —claro que tanto CCOO como a UGT non entraban a considerar si os traballadores galegos tiñan poder adequisitivo— senon que ademais reducirían **sensiblemente** o paro; pola contra outras centrais sindicais poñían o "dedo na llaga" señalando a redución do mercado como consecuencia da caida do poder adequisitivo dos traballadores, a falla dunha política de transformación dos sectores industriais afectados e a colocación dos intreses privados por sobor os do bienestar xeral. Niste campo destacaronse, sen ningunha dúbida, os sindicatos nacionalistas que deron importantes loitas no sector da construción, metal ou hostelero.

Hoxe cun ano máis de esperencia tanto CCOO como UGT teñen que recoñecer públicamente a esistencia de 500.000 parados máis, así como a perda do poder adequisitivo dos traballadores, claro... Non por casualidade o 79 é ano de elecions.

A postura de estas Centrais e outras centrais estatais xira agora en esixir un aumento do 16 por cento frente o 14 por cento que marca o Decreto-Ley (de xeito vinculante solo pras empresas públicas). Asegún istes ises dous puntos son o que pode aumentar de mais iste ano o coste da vida.

CAMACHO CONTRA CAMACHO

Con motivo da ruptura de negociacions entre o goberno, CCOO, UGT e a CEOE e a aparición do Decreto-Ley de topes salariais levouse a cabo pola TVE un debate sobor o tema entre: Camacho, Redondo, e Abril Martorell; debate que consideramos importante polo esclarecedor. Así foi que cando o ministro de Economía dixo que dado que "calculaban co aumento do coste de vida fora iste ano do 11 por cento os salarios, non podían aumentar máis de dous enteiros por sobre o coste da vida, pois do contrario sería moi difícil estabilizar o coste da vida no previsto"; o señor Camacho contestoulle— "que esto non era verdade xa que os salarios ian por detras dos precios en canto a aumento se refire e polo tanto o tope actual facía cos traballadores perderan polo menos 4 enteros o ser o aumento do coste da vida do 78 de 18 por cento". Daquela Abril Martorell recolleu o guante e contestoulle "que non estaba dacordo con que os salarios aumentaran tralós precios, pero que en todo caso non parecía que nin Camacho nin Redondo estiveran contra a interpretación do goberno á hora de firmar os Pactos da Moncloa". En poucas palabras que Camacho tiña razón pola televisión o referirse ó problema dos salarios e precios, pero que a pesar de todo aplicou e aplica o criterio da patronal.

FAGAMOS CONTAS

Si botamos contas resulta que no 77 o coste da vida aumentou un 27 por cento co cal os nosos salarios reducíronse durante o ano en igoal proporción, o ir a negociar atopámonos de cos Pactos da Moncloa reducían a posibilidade de recuperación a apenas o 20 por cento, co cal perdimos por obra e gracia dos camachos e redondos 7 enteros. Cun aumento do coste da vida do 18 por cento no 78 e uns topes do 14 por cento durante o 79, tornaremos a perder outros 4 enteros; é decir 11 enteros en dous anos. Así é que si a alxebra nonos falla, como mínimo os sindicatos terían que pedir un 25 por cento de aumento salarial pra estar a "fojas cero" respecto do xaneiro do 78, —polo visto os sindicatos estatais non pensan así— e de novo o sindicalismo nacionalista dan a nota discordante, pero, correcta.

De calquer xeito paresce ca política de oposición de CCOO e UGT non vai parar a arremetida da patronal, xa que esta ten moitos tantos o seu fabor a hora de negociar un convenio: o peche de innumenrables empresas.

As regulacións de plantilla acaecidas por doquier, os malos convenios conseguidos en moitos sectores nos últimos 2 anos e todo esto como resultado dos Pactos da Moncloa no cal as Centrais Sindicais Estatais xogaron á política da patronal.

As consecuencias estan ahí: Miles de traballadores que se sinten engañados polos sindicatos e que se preguntan si o compañeiro de CCOO que estivo preso tantas veces, que pasou por esta e aquela me vendeu, porque? porque istes novos homes dos sindicatos nacionalistas, chamense, ING, Lab, ou SOC, non se van a vender? ... Sin duda a resposta esta máis na loita diaria, presente e futura que nunhas cuartillas.

Tamén parece claro que as movilizacions que agora propoñen os sindicatos estatais son tardias tanto pra "lavar a cara" como pra inclinar rápidamente a balanza a fabor dos traballadores galegos, todo paresce indicar ca loita pola orgaización dos traballadores galegos e contra os plans da gran patronal será longa e nela os sindicatos estatais teñen poucas bazas a xogar, mais ben son os "ultimos coletazos". UNHNOVA VANGARDA ESTA REEMPLAZANDO A AQUELA QUE TRANSOU, E POR PRIMEIRA VES PODESE DICIR QUE E NACIONALISTA PORQUE E A UNICA QUE NON PODE TRANSAR.

MANOEL MERA
Vigo, 14 abril de 1979

TALLERES NOS

MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO, 47 / VERDUN
BARCELONA

ENTRE A RUA DOS OLMOS FONTE DE SAN ANDRES
LIBROS-DISCOS
arco
ARCO-5-TLF. 223804
LA CORUÑA

VEN MERCAR A TUA ROUPA
A TENDA DA XENTE NOVA
Bogar
Moda Xoven Sport
Estreita de San Andrés, 2 e 4 — A Coruña

Fillo de labregos. Cursou, primeiro, estudios nun seminario e logo nun instituto. Pro os problemas económicos obrigárono a botarse a traballar. Tivo os seus primeiros contactos co nacionalismo ao traveso da organización estudiantil ERGA. A partir disto, a sua maneira de contemplar a problemática social trocou. As contradicciónS xurdían claras e reais. Así, as diferencias no comportamento, no idioma dun labrego chocaban coas dos fillos da pequena ou da medianamente asentada burguesía. Traballou nunha empresa da construcción nas Pontes durante certo tempo, pro despois os seus desexos e intereses xiraron cara o campo, onde agora realiza toda a sua laboura. E o Coordinador en funcións do Secretariado Nacional das Comisión Labregas

BERNARDO F. REQUEIXO

"A Reforma Agraria supón un proceso político"

Tendo en conta a tua esperencia, ¿a formación profesional que se imparte nas escolas de Capacitación Agraria responden ás necesidades mínimas do agro galego?

Nos máis dos casos, impártese unha formación meramente teoricista, memoricista e sin ningunha saída. No millor dos casos dase unha formación técnica, pro aséptica de todo. E sinxelamente dar recetas. E é que a solución aos problemas hoxe en Galicia non se centran en ter máis ou menos vacas, en traballar as terras dun xeito ou doutro, en sementar millo ou ter praderías, senón que se cinguirían á maneira racional de levalo a cabo, e ademais a plantexar unhas alternativas políticas que teñen de ofrecer unha saida ao traballo do labrego. Non sirve producir cen litros de leite, se despois o precio o vai seguir poñendo o monopolio. Namentras que o labrego esteña sometido a esta política colonial, reflexada hoxe ao traveso de toda caste de impostos, da distribución e mesmo na división administrativa dos axuntamentos, o labrego non tén alternativa como tal. Unha formación tecnicista sin solucións políticas pra o campo non tén ningún valor.

Tí, como traballador que fuches do sector industrial, ¿cómo ves a situación?

Sobor de todo naqueles sitios nos que se están a montar un determinado tipo de industrias, xa sin entrar no tema de que esas industrias favorezan ou non ao noso campo, o feito é que unha gran cantidade de xente que tén a sua esplotación, a sua propiedade familiar e que durante moitos anos estivo traballando nela, nun intre concreto entra a formar parte dunha empresa pra millorar un pouco a sua situación económica; é máis rentable traballar nunha empresa, ainda que non seña máis que polo salario base, que traballar no campo de sol a sol. Este home acude á empresa, pro o seu problema vai ser sempre a falla de toma de conciencia como obreiro, móvese na disxuntiva obreiro-labrego, o que se chama normalmente traballador simbiótico. Este home vai á empresa quitar os máis cartos que póida, pro sin cuestionar a forma de traballo, as horas que alí pasa, as medidas de seguridade... En suma, este obreiro que procede do campo, que se lle conoce en moitas empresas como "o obreiro coa pucha debaixo docasco", é o esquirol, o que non comprende a loita dos outros compañeiros por unhas milloras sociais, económicas. Os labregos, nistas circunstancias, nunca deixan de selo, non chegan a integrarse como tal no mundo dos obreiros. A solución sería que deixara de incorporarse como un obreiro eventual, como man de obra barata e que non ocupara os piores postos.

¿A Reforma Agraria significaría a desaparición dista disxuntiva?

A Reforma Agraria estase a utilizar dun xeito demagóxico; falan dela dende a dereita caciquil hastra a esquerda españolista, e noustante, é ben máis que duas palabras. Supón todo un proceso político de cambeo e de estructuras dentro d agro galego, toda unha maneira de producir e de controlar esa producción. No caso de Galicia, tería de ser non somente un cambeo tecnicista no xeito da producción, senón que tamén tén de supoñer un control real e voz decisoria na política que planifique e leve adiante toda a agricultura. Cunha Reforma Agraria, os labregos teñen que participar na elaboración dos programas, por exemplo na regulación da campaña de productos, control das importacións e esportacións que se realizan dentro do sector agrario, decisións do tipo de industrias que queren pra o campo, que teñen de ser complementarias, industrias racionais. Por outra banda, tiña que facer que o seu traballo fora rentable e que a sua participación na vida política e social fora decisiva. Entón, a simbiosis desaparecería como tal, aquel labrego que a sua esplotación non fose rentable, por sí soio ou coa asociación doutros veciños integraríase nesas industrias que se creasen, sempre racionais e axeitadas ás nosas necesidades.

Esplícanos un pouco as fases do sindicato, tendo en conta que hai un ano era conocido polas loitas que mantivo.

Houbo un intre determinado no que as Comisiós Labreg as eran conocidas a nivel público polas loitas que, no ámbito nacional, se desenrolaron, cun contido social e político moi amplo, como foi a da Cuota Empresarial ou a folga do leite. Loitas que se siguen levando adiante como unha tarefa moi importante, tanto polo feito de que os obxetivos contra dos que se vai son, no caso da Couta Empresarial, impostos inxustos de tipo colonial. No caso do leite centrábase por uns precios máis xustos, e supoñía tamén un

PABLO VIZ

xeito de abrir un camiño prá concienciación do labrego. Niste intre, a tarefa fundamental do sindicato pasa pola organización e a concienciación dos sindicatos e dos seus afiliados a todos os niveles. Hai outro tipo de loitas que a nivel local se están a levar, que, sin tanta resonancia, teñen un contido social importante.

¿E outras alternativas sindicais pra o agro...?

Astrévome a decir que, como unha alternativa nacionalista, na práctica somente esisten as CC.LL. Haber hai algúns de nome, que hastra se dín sindicatos nacionais, pro non teñen unha introducción social e real no mundo labrego. Así, as da dereita caciquil clásica que, en principio, e aparentemente non teñen introducción social ningunha, nin organización, teñen un campo que a prensa lles presta, e hai que reconocer que a sua incidencia esiste, porque se moven ao traveso do aparato caciquil polo que funcionaron deica agora todas as institucións máis ou menos oficiais. A sua meta é unha determinada política a nivel do agro. Organizacións a nivel estatal como "Jóvenes Agricultores", que aparecen na prensa dende as negociacións dos precios agrarios, e mesmo as veces dando alternativas a nivel galego, que non respostan aos intereses dos labregos galegos, senón aos de capital monopolista, e que en función deso negocian os precios dos productos.

A nivel de esquerda, si así se lles pode chamar, manéxanse alternativas que hoxe potencian o PCE ou o PSOE ou a Unidade Galega, ou algunha forza dos que integra, como o SAGA ou as SS.AA. Alternativas reformistas no camiño do cooperativismo que mesmo coinciden cos proiectos da burguesía española pra o campo galego. E é que o cooperativismo hai que situalo dentro do sistema social no que se desenrole. Nun medio capitalista convírtese nun tentáculo dos monopolios. O cooperativismo englobaría a participación non somente na cooperativa, senón en toda a rede que parte dela, incluida a comercialización dos productos; así, o labrego non tería somentes poder na forma e nas directrices de producción da sua materia prima, senón no desenrolo posterior desa materia prima. Non somente se teñen de xuntar pra producir o leite, pra producilo millor ou máis barato, senón que hai que controlar os precios del no mercado.

Falando do cooperativismo ¿por qué non nos analizas cooperativas coma Feiraco, Complesa, ou UTECO?

Bueno, Feiraco é unha industria controlada por determinados señores e por unhas entidades bancarias. Naceu como unha gran cooperativa á que se lle foron asociando outras prá elaboración de productos derivados do leite. Conta actualmente con 6.000 socios. No intre que esto marchou mal a Caixa rural da Coruña concedeu prestamos de tal xeito que si aos labregos se lles ocurre tomar a dirección da cooperativa, se rescindirían os prestamos rematando no peche da cooperativa. Complesa de Lugo; aquí engaiolaron aos labregos pra que adquiriran accións pra unha fábrica de leite na que ian ter voz, voto e todo tipo de participación. Apoiada e feita con cartos dos labregos, dou en quebra, así é que se fixeron cargo dela os bancos e pasou as mans do monopolio Complesa. UTECO é un organismo que foi englobando a calquer cooperativa que se crease; o seu control esta en poder do estado que dirixe a xunta rectora mediante os caciques.

¿Cales son os presupostos básicos pra que o Goberno español estableza os precios dos productos?

Dende hai cáseque seis meses apareceron na prensa as negociacións dos precios agrarios, nas que están representados sindicatos a nivel estatal, tanto da dereita como a COAG, alternativa da esquerda española. O único que se negocia son os precios dos cereais, xa que os sindicatos da dereita representan aos grandes terratenentes. Así, a carne, cun precio de 220 pesetas está na práctica xa aumentado, o leite non se negocia, que disque senón que non se chega a acordo. Toda a negociación dos precios vén en consonancia e enmarcase dentro das perspectivas políticas do Mercado Común, hai determinados productos que sí interesa potenciar pra lle poder vende;a Europa, como o aceite, viño ou os cítricos. O resto non é tema que lles preocupe, así é que irán sacando decretos a cada cal pior.

¿Cal é a vosa postura ante a entrada no Mercado Común?

Entendemos que somos un sindicato nacionalista e, como nación, a entrada no Mercado Común teriamola que decidir os galegos. Pro, aparte deso, como labregos, a consecuencia que nos vai valer vai ser a desaparición das nosas esplotacións. E evidente que un labrego galego con cinco ou seis vacas, cunhas cantas hectáreas de terra, non pode competir cunha agricultura desenrolada como a de Europa occidental e capitalista e, incluso, se se dera este caso hipotético, habería que precisar cal sería o marco do intercambeo, xa que o Goberno o que tenta facer é vender unha chea de productos que dominan os grandes terratenentes e que lles convén esportar, e o Mercado Común venderá aqueles productos que lle sobran, leite por exemplo, a precios máis baratos. Así é que esta entrada suporía deixar a esplotación familiar, emigrar...

SARA C.

DODRO E LAIÑO

Arrepóñense contra as desfeitas do Icona

Os montes comunais volven coller actualidade coa imposición de catorce multas a outras tantas persoas da parroquia de Teaio por non deixar que un madereiro erguera uns pinos que consideranseus polo menos nun alto porcentaxe. Cando viron que o madereiro lles estaba a pinchar os pinos, os veciños obrigárono a suspender a corta e impedíronlle tocalos entramentras non se acrare perfectamente a situación dos montes en man común e non se actualicen os porcentaxes. Polo consorcio antigo, aos paisanos tocáballe un 20 por cento do valor de cada corta de pinos, mentras que ao pasar a man común pode chegar a un 68 por cento o que lles corresponda. "Os pinos son nosos, decíanos un dos multados, e se todos son da miña idea non lles van tocar. ¿Se non son nosos de quén van ser? ".

PABLO BIZ

PABLO BIZ

EMPEZA A CORTA SIN SABER A SITUACION DO MONTE

Pra entrar na historia do problema temos de nos remontar a primeiros do mes de maio do setenta e oito, cando se comenzaron a subastar pinos de tres montes dun montón de aldeas (Teaio, Castro, Bexo, Imo, Sar, Manselle, Eiro, Lestrove, Revixos, Vigo), da zona de Dodro e Laiño. "A xente estaba moi fastidiada e consideraba aquelo un atropello", polo que recurriron ás Comisións Labregas pra facer a reclamación que lles volvera o monte a man común, e xa dende aquelas pensouse en "non deixar cortar pinos así porque sí".

A corta retrasouse, ben porque facía moi mal tempo ou porque os madereiros non tiñan aínda depositados os cartos como esixía o ICONA pra dar a autorización. Pro o 15 de xaneiro os veciños decatáronse de que estaban cortando, "empezaron polos de máis lonxe pra que non ouviramos, pro cando se achegaron á aldea fomos alí". Polo visto xa levaran cinco camións deles. Ao pedirlle o madeireiro que parara o traballo foi cando empezou a tirantez e os veciños tiveron que presionalo pra que non insistise en seguir cortando. "Decía que viña mandado polo ICONA, e tería que vir asegún el falaba, pró eso había que sabelo, ei non nolo demostraba con ningún papel". Unha cousa tiñan ben crara os veciños, e é que o monte estaba en tramitación de pasar a man común e había que esperar hastra que houbera unha resposta á solicitude feita; entramentras, ao monte non se lle podería tocar.

"RECURRIREMOS AS MULTAS HASTA ONDE SEÑA"

Des pois do enfrentamento entre veciños e madereiro, un inxenieiro do ICONA, posiblemente chamado polo madereiro, tentou en días consecutivos, reunindo aos veciños, de facelos desistir da idea de non deixar erguer os pinos. Unhas veces ameazante. e outras en tono paternalista, pro non conseguiu nada, e pesie a que un día lles dixo que se chegaban multas faría algo pra facerlles perder o seu valor, as multas chegaron. Foron catorce, unha de vintecinco mil, dez de dez mil e tres de cinco mil, facendo discriminación entre homes e mulleres, ao poñerlle a estas as tres máis pequenas. Por outra parte, parece que os multados foron escolleitos; "mandáronme unha notificación de multa de dez mil pesetas –decianos Manuel Blanco Lorenzo– non por parar a corta senón por faltarlle ao personal de Creo (o madeireiro), pero nos non lle faltamos, a algúns dos que foron ao monte non os multaron e a outros que non foron sí. alguen que nos conocía ben a todos deulle o chivatazo a ICONA de nomes que lle caimos mal". E engadía que andiveron escollendo aos do Bloque coma se non se poidera pensar libremente, "pensan que a xente esta atrasada coma nalgún tempo, que tén medo, pero están errados; agora o facer o que queren acabouselles".

As multas foron todas recurridas e hai idea na xente de recurrilas "hastra onde seña, porque os montes foron nosos e seguirán sendo". E inda por riba chegou a notificación de que o monte pasaba a man común, como dándolle a razón os veciños.

Nas conversas co inxenieiro de ICONA estívose negociando o que habería que facer cos pinos subastados, pois algúns estaban cortados e habíaos que nin siquera estaban pagados; e aínda había moitos tirados polo vento e queimados.

Os veciños, pra os pinos vendidos pagados e cortados, propuxeron erguelos, pro que se depositaran os cartos e cos tirados polo vento ou queimados, igual. Logo, cos subastados que non estaban cortados, que a subasta fora abaixo, independentemente que estiveran pagados ou non. Cando despois duns días todos se puxeron dacordo, foi o axuntamento, o que non quixo aceptar, porque así quedaba sin a parte das vendas e non firmou. Por certo que ao frente do axuntamento está o gardabosques, como alcalde en funcións, persoa da que os veciños desconfían sairía o chivatazo dos nomes dos multados.

Todas estas aldeas afectadas viven nunhas condicións pésimas. Están relacionadas máis que por carreteiras por pistas, moitas delas feitas polos propios veciños, anque despois nas contas do axuntamento entren gastos de personal pra xustificar os millóns . Concretamente Bustelo, aldea a quince km. de Imo, con cuarenta veciños e trinta rapaces, non tén escola, os coches non entran e os nenos teñen que se erguer as sete pra ir monte abaixo por entre os toxos deica Teaio, onde lles empezan as clases ás dez da mañá. E así todo. Un veciño de Teaio falaba de que "non queremos os cartos, senón que os invirtan eiquí, que veña ver o Gobernador o que nos costa enterrar un morto e por onde temos que levaloQue nos fagan esta pista, que é unha vergonza".

As cousas non están como pra permitir que erga os pinos o primeiro que queira.



PRA SERVILO ONDE VOSTEDE VIVE
E POR ONDE VOSTEDE PASA...

"A Caixa" ten mais de cen portas

CAV

Caja de Ahorros Municipal de Vigo

DONDE MAS PERSONAS AHORRAN EN LA PROVINCIA

CRITICA DO PROGRAMA DE "UNIDADE GALEGA"

(e 2)

RAMON L. SUEVOS

En xeral, proclámanse ouxetivos sin arbitrar medidas **ad hoc**, co que todo queda en retórica. O Programa parte dun Estatuto de Autonomía constitucional (8) e, ao facelo así, nega credibilidade a alguns dos seus puntos máis importantes. Nefeuto, os Estatutos de Autonomía que ampara a Constitución, nin pola sua filosofía política de partida nin polas competencias másimas que contemplan nin polas garantías que ofrecen frente a unha hipotética intromisión do Poder Central poden levar máis alá dunha mera descentralización administrativa, con ribetes políticos. Pero os redactores do Programa coidan dque encaixa na Constitución un Estatuto de Autonomía que, antryoutras cousas, conteña "a afirmación da identidade nacional de Galicia e do consecuente direito a autogobernarse" (8), ou posibilite a creación dun Tribunal Superior de Xusticia de Galicia (que tiña disto algo máis co nome), ou recabe "as competencias esclusivas de autogoberno lexislativas e executivas sobre a planificación do desenvolvemento da economía galega" (8). Todo iso viola tanto a letra coma o esprito da Constitución. Xa que logo, o consecuente sería decirlle claramente ao pobo galego qué representan efectivamente os Estatutos de Autonomía e reivindicar dende xa unha nova Constitución que remate, dunha vez por todas, ca Estructura unitaria do Estado. Afirmar que, no marco da Constitución vixente, se pode elaborar un "Estatuto de Autonomía Nacional e Progresista" e engañar á xente.

O párrafo adicado a Mercado Común resulta do máis significativo (11). A integración na CEE non se cuestiona e, ao se referir ao suposto de que sigan as negociacións tendentes a iste fin, afírmase: "Unidade Galega esixirá que Galicia estea representada como tal, na defensa dos seus propios intereses...". Pero Unidade Galega sabe que non se pode defender o Estatuto e, asomade, pretender que Galicia estea representada como tal en negociacións internacionais. Si sinceiramente persiguen isto último ¿por qué non suscriben vostedes as Bases Constitucionais do BNPG, en concreto e no tocante a iste punto, a Base Cuarta, Apartado V? Eu mesmo darei a resposta, eiquí, como noutros puntos do Programa Unidade Galega opta por non enfrentar os problemas reais do país.

Sorprende a probeza do epígrafe "Coordenadas dunha política económica e socia galega a medo plazo" (18-21): formula cinco ouxetivos pra unha política antiinflacionista que pouco ou nada teñen que ver co tema, chegando a fixar como quinto ouxetivo a "reducción do grado de inxusticia da carga tributaria" (19), cando, no mellor dos casos, debería se referir ao logro dunha **suficiencia** tributaria, que elimine posibles déficits presupuestarios, en tanto que instrumentos potenciais de propagación da inflación; outro tanto sucede ca política de emprego (19-20), que circunscribe a tres puntos. O terceiro é o ouxetivo de lograr un "incremento da demanda final de bens e servicios mediante a elevación do salario mínimo, do aumento das pensións, do seguro de paro, etc." (20), como forma de xenerar emprego. Os autores dista perla practican un keynesianismo vulgar e trasnoitado; ignoran, en todo caso, as limitacións que esisten pra actuar vía demanda efectiva nos países subdesenrolados (III); ignoran, tamén, que a economía galega é unha economía aberta, "rexional"; aínda máis, ignoran a incidencia dunha subida do salario mínimo sobre o nivel de emprego; e **last but not least**, unha medida de **política social** como a que se propugna, xusta e progresiva en sí mesma, non se debe xustificar en base a sua presunta operatividade como instrumento dunha **política económica anticíclica.**

Cando fala da "remodelación das condicións sociais", peca de omisións. Propugna un control das Caixas de Aforro dende Galicia. ¿Por qué non tamén un control dos restantes intermediarios financieiros que operan en Galicia, e moi en primeiro lugar da Banca Privada? Se cadra é unha cuestión táctica, e preténdese ir por partes. Están no seu direito, pero entón compre ser consecuentes e reducir, "tácticamente", toda unha chea de ouxetivos que figuran no Programa e que non atoparán posibilidades dde financiación.

Xa mencionamos que o Programa non alude esplícitamente á adopción de medidas de nacionalización de empresas, mesmo naqueles sectores que contribuirían a racionalizar o sistema económico (enerxía, mineiría, etc.) ou son compatibles cun réxime de economía de



mercado (ensino e sanidade). Apúntase, iso sí, a **posibilidade** de crear un sector público galego e fálase de que as empresas de propiedade pública ubicadas en Galicia pasen a depender do futuro órgano autonómico, pero non se alvisca por ningures de qué outras fontes se vaia nutrir ise sector público galego. Hai alusións ao mesmo (10,26,27), pra, finalmente, rematar decindo que **"esiste un amplísimo campo de actividades que poden ser promovidas ou dinamizadas no prósimo futuro pola iniciativa privada"** (27). Un entende que isa iniciativa pode ser nacional ou estranxeira, proceder de multinacionais, monopolios ou de pequenas e medianas empresas de capital galego... Cabe todo. Veleiquí unha mostra de "nacionalismo" consecuente; posición concordante, dende logo, có punto de vista de **clase** que soxace na afirmación –cecais técnicamente irrefutable– de que unha das cousas da "rixidez do sistema económico actual" estriba "na forza sindical que impide ou dificulta o despido de traballadores que gozan dun emprego" (16). Cando se fala da mineiría, dise quee "Galicia posee un potencial mineiro ainda sen valorar científica e económicamente, a causa dos intereses privados e mesmo estranxeiros" (26); ou sexa, os redactores parecen conscientes de até que punto intereses privados están esquilmando os recursos do noso sochán, máis ningunha medida punitiva ou nacionalizadora derivan diste feito. Outro tanto sucede r especto dunha eventual socialización da mediciña, ou da industria farmacéutica (29-31); a idea, interesante, de crear un Servicio Público da Saúde Galego, apenas se perfila dende o punto de vista institucional. O tratamento dos Medios de Comunicación Social (40-41) móvese tamén nistalínea de sacralización da empresa privada e de pechar os ollos ás efectivas restriccióǹs que introduce o ordenamento constitucional, polo que moitos dos desexos que alí se manifestan quedan en puras declaracións retóricas.

No tocante á agricultura, o importante problema da comercialización dos productos agrarios, é discutible que se poida resolver ccreación dun sistema de precios de garantía e outras medidas afíns (23), si non vai acompañado dunha Empresa Nacional de Comercialización. Cando se fala de potenciar a concentración parcelaria (22), é de supoñer que se está a pensar en algo distinto do que se ven facendo no campo galego con isa denominación, pero non estaría de máis precisalo. A formulación da maneira en que debe orientarse o desenvolvemento industrial pra fomentar a integración da economía galega, leva a concluir no absurdo **non dunha economía integrada sinon autárquica** (27). O párrafo adicado á Autopista é ambiguo e alude o problema de fondo ¿qué significa esactamente a espresión "transformación da Autopista do Atlántico en Autovía sen peaxe"? (29). Niste eido das comunicacións, debería facerse unha mención ao problema dos portos.

O "Programa Educativo e Cultural" é, cecais, a parte menos afortunada de todo o documento. En canto ao ensino (¿laico?), a idea de crear dúas Universidades máis (unha a medio plazo), xunto ca ampliación simultánea da Universidade de Santiago e a "transformación dos actuais Colexios Universitarios en Facultades Universitarias" (¡sic!) (35-37), é caprichosa, localista, demagóxica e, no noso contesto, traduciríase nun detrimento da calidade do ensino, xa defectuoso, que se imparte (IV); defendese a "potenciación e ampliación do actual Consello Superior de Investigacións Científicas" (37), sendo así que o "actual" CSIC é un modelo de centralismo, feito que non se menciona; proclama o seu apoio ao Instituto da Lingua Galega (40-42), se cadra porque é moi nacionalista... e se pronuncia de maneira similar sobre a moi oficialista e reaccionaria "Real Academia da Lingua Galega" (¡sic!) (42); adica un anaco á "formación e perfeccionamento do Profesorado" (39-40), sin se referir ao sistema de acceso á docencia nin ao status que debe ter o profesorado (funcionariado, contrato laboral, etc.), factores istes que teñen moito que ver ca calidade do ensino que se imparte e que, postos a particularizar, deben tocarse.

No tratamento da cuestión lingüística vese ben claro toda a ambiguedade e todo o conciliacionismo que agacha ista alternativa (5,34,41,42), que parece consistir no logro dun utópico bilingüismo social (34), misturado con declaracións compensatorias e frases tan fora de lugar como a que afirma que o galego debe ser a lingua oficial de Galicia (no sentido de ser considerada como tal por todos os galegos) "... respetando democrática e estrictamente a actual realidade socio-lingüística de Galicia" (5). Eu me pregunto ¿Por qué imos respetar "democrática e estrictamente" os resultados de cinco centos anos de imperialismo cultural? Uns nacionalistas consecuentes declararían: Primeiro, quyo ouxetivo a alcanzar é o unilinguismo social en galego; segundo, que, no proceso, o idioma español utilizarase ca minoría española falante como vieiro máis axeitado pra plena e posterior integración diste sector na lingua do país; terceiro, que en xeneral e con ista escepción temporal e parcial, o estudio da lingua española terá o carácter dunha **asignatura** máis.

Algúns poden pensar que, despois de todo, os programas políticos non caen do ceo, e que iste Programa, pese aos seus defectos, é, ao cabo, un programa **realista.** Nada máis lonxe da verdade. Entendámonos ¿Qué e realismo en política? Si por tal entendemos unha alternativa perfectamente integrable, hoxe e eiquí, nas opcións políticas maoritarias, iste Programa é certamente "realista"; considerado como un todo –e eliminadas as veleidades retóricas que contén, incongruentes co prantexamento xeneral– é perfectamente integrab le na perspectiva autonomista. Por outra banda, é facer **testimonialismo** cantar as escelencias do Estatuto de Autonomía pra despois decir que iste é un "...primeiro paso útil e necesario no camiño do Estado Federal que propugnamos" (4). Pero si pensamos en términos de dialéctica política e dende a óptica do nacionalismo popular, é realista aquel Programa que da protagonismo ás clases populares, que leva a unha correlación de forzas máis favorable ao nacionalismo, que mantén en todo intre a contradicción –matriz de todo cambeo– antre as partes en conflicto. O corsé autonomista non sirve sinón pra neutralizar e frenar o movemento nacional popular galego. Pero, remedando unha sonada cita de Marx, poderíamos decir: a Liberación Nacional e Social de Galicia non é un ideal, é un movemento real que esiste na sociedade galega.

No Programa da UG manifféstase que un ouxetivo a cumplir é a "potenciación do Museo do Pobo Galego..." (43). Iste Programa podería ir, dende xa, a nutrir tan digna Institución.

Santiago de Compostela, marzal do 79.

NOTAS

(III) Véxase, "La inversión, la renta y el multiplicador en una economía subdesarrollada", por V. K. R. Rao, en Agarwala-Singh **Economía del subdesarrollo**, Tecnos, Madrid, 1963.

(IV) O máis que se podería defender hoxe, cun mínimo de rigor e seriedade, é a reconversión do ensino que actualmente se imparte nos Colexios Universitarios en ensino de Primeiro Ciclo, ca titulación correspondente-Diplomado–, e máis a ampliación da Universidade de Santiago, que debería estar moi vencellada cos Centros que impartiran o Primeiro Ciclo de Estudios Universitarios.

ende Escudeiros, ao fondo, a "Serra branca":
unha banda Galicia, de outra Portugal.



Perto de San Sebastián un restaurante
non nome francés facilitaba o engano:
pasade esa ponte exa estades en Francia.

A popularización dun oficio:

O CONTRABANDO

25 mulas ían rubindo a serra. No alto estaban
dous guardias e tres ou catro mulleres baixaban chorando.
"Dean a volta que están dous lobos, sacáronnos todos".
Os das mulas seguiron cara arriba. Tíñanlles unha
ducia de carretes e cousas polo estilo e
vendéronllelas a elles, a algún dos que era
endeiro. "Iso non está ben, porque esa xente
vai decir que a nós déixannos pasar e a elas..."
"Elas inda levan ahí unha corda que non lla
collemos pra que se aforquen se é que se aburrixan".

Luis Paquito e Alfredo de Vilela falan dos tempo do vagón de tripas ou o cornello



No sul do noso país foi un medio de vida, hoxe cáseque pra os que non se baixaban á emigración ou ás minas. Vostede pode mirar ao pé da raia unha casa de construcción forte ao carón dunha palleira e entre as duas media terse decidio ou non. Pero nun radio de 10 kilómetros con centro nos pasos principais —Verín, San Gregorio, Pontebarxas, Salvaterra...— decidíronse todos de moitas e variadas maneiras.

Non era somentes polas parroquias de Frieira ou Escudeiros, collendo como referencia Ourense, por onde se estalicaban as redes de intercambio cara uns cantos beneficiarios ben instalados na capital ou en diversas zonas de todo o Estado; vilas como o Carballiño ou Ribadavia "tiñan casa sí casa non, adicadas a esa rutina". E o contrabando.

DAS LIGAS DOS "CARNEIROS"

O seu despegue doi despois da guerra, os pasadores carretando as cousas ao lombo, carretando peinas pra os piollos, ligas prás pernas das mulleres, tecidos, mecheros... cousas de necesidade, de uso, que acó non había e que comercializaban os quincalleiros. "Despois empezamos a tere contactos cos guardias e a traballar con mulas pra, máis pra diante, pasar aos turismos e xa aos camións polas pistas que construiu a Forestal, que case se xuntaban coa Forestal portuguesa".

Os millores anos foron do 50 ao 65 pra o café, o estaño, as tripas, a parafina, o aluminio, o plástico, parabrisas pra coches, ovos, especies, coiros... e tamén, os "Carneiros" mulleres e homes portugueses que pasaban por riba da prohibición salazarista de sair do país pra procurar traballo, uns, en calquer lugar da Europa, fuxidos da guerra de Angola, ou da posibilidade de que o mandaron a un a Africa cumprir o Servicio, outros. Mulleres e homes portugueses, douscentos diarios pola fronteira de Verín, douscentos por San Gregorio, camiñando a tres e catro días, sin poder traguer cartos ou roupa, a non ser unha camisa por riba doutra e un pantalón por riba doutro. Mulleres e homes portugueses levados coma "Carneiros" polas redes de contrabandistas, unhas redes que encetaron sabiamente os curas, curas como o de Padrenda "—a sua casa de Vigo é ganada por portugueses—" e que amais de cobrar, como manda Deus, 10.000 por cada cabeza, non diexaban que se entumecesen aproveitándoos como man de obra sen soldada mentras non pasaban recollelos cara os Pirineos ou a Ponte Internacional.

COBRABASE CANDO VIÑA A CONTRASEÑA

A cas de Xosé Méndez chegou un día "un fulano e díxome se queríamos botar uns portugueses pra Francia". En Ourense, nunha pensión de Pamplona adicada a eso, tratei canto me levaban por poñer cada ún na dirección francesa, chmábanlle unha "casa de confianza". Dez mil.

Co raiano eu trataba a quince mil, el trataría a vinte co que os xuntaba en Portugal —iban buscándoos polas parroquias e vilas— pero non cobrabamos hastra que eles nos remesaban a contraseña, unha foto partida ao medio, que os do outro lado xuntaban coa que tiñan eles. Os grupos eran de seis ou oito. Dunha vez traguéronnos uns poucos cheos de medo; "lévanos con coidado, que un compañeiro xa quedou aló". Afogara. Esbarou no regato, en Pontebarxas, iba un chisco crecido... Polo día deixabámolos nas fragas, nas palleiras, onde se podía, e pola noite andabamos... non, polos dos arredores non eramos molestados pois pagabámoslles ícen pesos por cada! e conseguimos saber por onde andaba "o servicio", pero máis adentro compria ter ollo. Perto de Ourense cargábanos en camións e xa, com becerros!

Xosé empezou a ir aó contaban do co seu pai aos 10 anos, "era a única forma de vivir" e xa daquela algunha vez anque sempre liscou Taballou decote ao contrabando e traballau abondo. Hoxe, com moitos compañeiros, o reum síntese; pero antonte, aos catro días de que o operaron dunha hernia, tiña que sair o mesmo pola noite traguer 200 kilos de café nunha mula. Ganábase un peso en kilo, o mesmo que ganaban o guardias. Pra el e seus veciños, d calqueira xeito, o que máis pre tou foron os "Carneiros", que a veces gardaban na propia casa, lles daban comida, á espreita d mandalos no camión. A partir d entón e hastra que chegaba contraseña, se chegaba, non sabí máis nada. Era según a sorte d cadaquén. As veces un accident un camión tiña que ser abandona do, e aló quedaban dentro d "Carneiros". Outras veces pasaba coma laranxas pola Ponte Interna cional, tranquilamente. Ou habí que ir polo monte, ao que fose E se as cousas iban mal alí deixab aos "carneiros", ao pé da pon que queda enfrente dun restaura te con nome francés, en Errende confiados en que Francia era a d doutro lado, pero...

TRIPA PRA OS MATADEIROS

O contrabando sistemático, dia rio, ben artellado, de median importancia, foise desenvolvend sin molestias pola laia Seca acaro do secundario, como apoio, pequeno contrabando, o do fío o bolo de pan ou o kilo de café que tantas veces serviu pra xustifi car "aprensións" e cobrir c servicios. Máis cara adentro traba llábase tamén forte —vagóns d tripa que viñan sin facturar, coiro secos pra Barcelona, ovos— arriscábase, asegurando cos gua dias somente o contrabando d máis importancia. No Carballiño foi o Charolas quen empezou e fo tamén udos máis importantes Morreu do pulmón e tén sona d



Os curas artellaron as primeiras redes por os "Carneiros" (Sr. Xosé).



os nenos iniciabanse facendo de correo.

Ourens
a, com
ntaban
, "era
daquel
e liscou
abando
e, com
reuma
os catro
dunha
mo pola
de café
peso en
aban o
iños, d
áis pres
, que á
casa,
reita d
partir d
egaba
on sabi
sorte d
cidente
andona
ntro o
pasaba
Interna
u habi
e fose
deixab
a pon
estaura
rrender
era a d

EIROS
tico, di
median
olvend
a acaro
poio,
do fío
de café
a xustif
bbrir
o trab
góns d
r, coir
ovos—
os gua
ando d
arballiñ
zou e fo
portante
sona d

e cumpridor —unha das caracas que todos salientan pra un bon contrabandista, contra do Pepa da Aurora, de se di que fixo todo á forza nganar á xente. Lembramos outros nomes coma o o señor Alfredo de Vilela uis Paquito de Dacón.

ALLADA DOS
TADEIROS

ero na trastenda do contrabando contrabandista que vai ando esta actividade como normal, os que se aproveitan de a cama. Dende un alcalde non intervén máis que "no que ganancia" coma os parabrisas pesos kilo con outro tanto de ficio que iban parar a unha de accesorios en Ourense ra, e por riba de todo, os adeiros, os catro tostadeiros nsáns onde entraba todo, que allaban coas guías de Facenda día mentras "todo o mundo vo a traballar pra eles e eles e espoñer, diante dos tostadei- nunca se puxo un Guardia ".

os que máis ricos se puxeron contrabando foron homes a Florencio Alvarez, moitos s presidente do Club Deporti- Ourense, que lle pasou o adeiro a un cuñado cando o ado o nomeou —ironía— instor de cafés; coma Cudeiro, de ea de supermercados, con rencias que falan da sua falla escrúpulos; coma Pepe Lisboa, sona de moi honrado, ou edades como Ampián, a emsa de cohes máis forte da incia, no decir de xentes trabandistas, e tamén, asegún a nión popular, todo fai supoñer algún guardia conseguía axiña ondo hastra o punto de se rar do "Cuerpo". De cando en algún caso coma o do señor tiago, en Frieira, tendeiro e ta, que un bo día o alugaron transportar a alguén a Portugal lveu daló con varios tiros no o. Despois terciou por se ar...

EMIGRAR OU
CONTRABANDEAR

Pero a demanda doi mudando. Xa non é tempo de pagar hastra 12.000 pesetas polo kilo de cornello, cornello que apañaban nas leiras de centeo as mulleres, os rapaces todo cando despois dos neboeiros viñan fortes calores e o cereal enfermaba. Xa non é tempo de o aplicar pra trinta ou cuarenta usos, como facían os alemáns, os suizos, que o importaban de Portugal, usos tan interesantes coma a Ergotina, comentanos don Luis, que é un antihemorráxico. Tampouco compre a parafina prás velas nin se meten barras de casiterita nas minas cada noite pra facer como saían dalí ao día siguinte. Hoxe céntrase maiormente no gando, asegún onde vaia máis, e é habitual que as vacas pasesn pra aló e os becerros pra acó.

E mudaron tamén os especialistas en facer de "gancho" —levar un camión, por exemplo, e botarse as culpas se o collen— pra, da noite pra o día ter o pasaporte e liscar cara Venezuela ou coller un barco rumbo a Cuba, collelo sen documentación e sen nada, o Santa María, pero ter a mala sorte de que hai un temporal grande e ordenan poñerse os salvavidas "eu non o tiña ¿onde me meto? Ia pra os servicios pero veu un fulano, quixnlle dar una anelo de ouro bón, pero nada... e xa tiven que ir ao capitán. En alta mar metéronme no "Serpa Pinto" cara o castelo de Caxias, en Lisboa, despois pra acó, unha noitena cárcel de Vigo e outravolta ao mesmo".

Xa non son as redes veciñais de contrabandistas. Son redes de socios onde fai falla ou coincide sempre pasar uns días na cadea e onde, sobre todo, hai que contar

con cartos pra poder pagar as multas de Facenda e ter presente que "o diñeiro do contrabando o demo o trai e o demo o volve levar"... algún chivato, algún que non está dacordo, pouco temple nun intre...

Ao marxe, pero ben mantido por esta actividade que envolveu a medio Ourense durante algunhas décadas, os Florencio Alvarez que como toupas, somente saen á luz hora de presidir algo ou de que os anomeen, coma ciudadanos exemplares que son, pra se empoleirar en nalgún cargo administrativo, coma o xa mencionado da Inspección de cafés.

En contrapunto coa emigración e á vista das información tiradas dos mesmos protagonistas, todos se decidiron e todos, todos, foron xente honrada nun país, ao fin, onde a sobrevivencia se facía dacó pra aló pola Raia Seca

R. PRIETO

Fotos: XURXO FERNANDEZ

Adicamonos todos, e todos baixabamos cas mulas cargadas e despóis, nunha cociña, bebiamos e falábamos de negocios.

A POLITICA AGRARIA DO GOBERNO ESPAÑOL

EMILIO LOPEZ PEREZ

A política agraria do Goberno español nos últimos tempos, vai encamiñada, a nivel económico, a "modernizar" as esplotacións agrarias de cara á entrada no Mercado Común, que significa en Galicia unha intensificación do proceso colonizador, xa que é unha política que atenta directamente contra das pequenas esplotacións familiares, abrindo outravolta o camiño da emigración. A nivel político, o Goberno tenta recortar o máis que poida as libertades democráticas dos labregos galegos, atentando seguido contra da libertade sindical e tentando reconstruir, mediante as Cámaras Agrarias, o sindicato fascista.

De cara á entrada no Mercado Común e "modernización" das esplotacións, o Goberno Español está a preparar unha lexislación mediante varios proiectos de lei e decretos que están caindo sobor do labrego galego sin apenas enterarnos. Así, en moi pouco tempo, o Parlamento español aprobou ou aprobará os proiectos de lei sobre seguros agrarios, arrendamentos, fincas manifestamente millorables, montes en mán común, etc., ao mesmo tempo que o Goberno prepara varios decretos dos que é a mostra máis significativa o "Estatuto de la leche".

Todo iste conxunto de leis e decretos aféctanos moi gravemente aos labregos galegos. No millor dos casos, estas leis son de difícil aplicación a Galicia, pero cando non é así, marxínannos aos labregos galegos (caso da lei de seguros agrarios que polo de agora non colle á gandería) e, no pior dos casos, atentan directamente contra dos nosos intereses, caso do citado "Estatuto de la leche", se cadra a mostra máis evidente do que nos agarda na política de acercamento e entrada na CEE.

ATENTADO CONTRA DA PEQUENA ESPLOTACION GALEGA

No informe reservado do Goberno Español sobor da entrada no Mercado Común, fanse observacións deste caste: os precios hispanos deberán regularse dacordo coa unidade de conta agrícola europea (moeda verde); esto, nalgúns casos, favorecerá aos productores españoles (caso do viño, froita, aceite...) e noutros perxudicaráos (caso do leite, carne, remolacha...). Vemos, pois, que seremos os labregos galegos os que canguemos cos costes da entrada no Mercado Común. Pero máis adiante, iste informe reservado di, referíndose ao sector leiteiro, que as diferencias de precios causarán "graves problemas" aos productores, polo que é necesario "reestructurar con tempo iste sector". O proiecto de Estatuto do leite é o primeiro paso que dá o Goberno pra reestructurar o sector leiteiro. Convén, pois, que vexamos o que significa.

O actual proiecto de Estatuto do leite non somente non recolle as nosas principais reivindicacións, polas que temos loitado dabondo, como é o **contrato coas empresas**, que recollen o leite ou o control dos marxes de comercialización, senón que representa unha gravísima agresión sobor da pequena esplotación galega. O poñer como tope mínimo (a efectos da producción leiteira) 10 vacas por esplotación e non ofrecer alternativa ás esplotacións que non cheguen a iste tope, condena, sin máis, á morte a máis do 95 por cento das esplotacións gandeiras galegas. Por outra banda, pra cumprir os requisitos de "granxas leiteiras", os labregos que poidan ter máis de 10 vacas veranse obrigados a facer unhas inversións fora do alcance de gran parte deles, e, polo demais, moi aventuradas de seguir a política de achegamento á CEE, pois é ben sabido que alí se está a levar unha política de limitación de producción, con penalizacións aos productores leiteiros e sacrificio de vacas leiteiras que afecta fundamentalmente as esplotacións por baixo das 20-30 vacas.

UNHA POLITICA COLONIAL

A todas estas dificultades hai que engadir unha política de precios tamén semellante á da CEE, onde iste ano se pretende conxelar os precios agrarios, porque se considera que os beneficios do agricultor europeo son abondo pra manter os precios ao nivel actual (e as reivindicacións dos labregos céntranse nunha suba pírrica do 4-5 por cento).

Esta política de reestructuración do sector leiteiro prodúcese despois de varios anos dunha política contraria, que promocionou a producción de leite e destruiu a gandería de producción cárnica (pasando en 10 anos de significar o 24 por cento da producción total de carne de vacuno do Estado español a representar somente o 12 por cento), convertíndonos en meros esportadores de reses de recría (unha de cada 3 reses de recría comercializadas en Galicia vaise pra fora), cunha política de créditos aos que non tiveron acceso máis que os grandes propietarios e que non hai trazas de que cambee, etc. etc.

Estamos, pois, ás portas dunha grave agresión imperialista sobor da pequena esplotación gandeira galega, agresión moito máis grave, se caibe, si temos en conta que a gandería foi o único sector agrario que mantivo o seu nivel productivo nos últimos tempos, xa que as producción agrícolas foron dende hai varios anos craramente regresivas.

Pero si este é o futuro que se nos aveciña como resultado da política agraria do Goberno Español, non podemos esquecer as agresións de todo tipo que estamos a sofrir agora mesmo: unha repoboación forestal salvaxe, roubándonos os montes e plantando arbres de desaxuste ecolóxico co medio dabondo demostrado, as agresións directas (esplotación de minas, Centrais nucleares, Bases militares, etc.) que nos obrigan a abandonar as nosas terras ou que as convirtan en esterqueiras, as condicións de vida (sanidade, comunicacións, etc.,) "terceiromundistas" en moitas zonas (na Fonsagrada, o 60 por cento das aldeas están sin luz); a infraestructura totalmente deficiente (corredoiras en vez de carreteiras, falla de forza eléctrica pra ter aparatos eléctricos...), etc., etc.

A RECONSTRUCCION DO SINDICATO FASCISTA

Pra facer frente a esta situación caibe somente a organización e a loita dende unha prespectiva nacionalista e anticolonial. Nesta tarefa estamos empeñados as Comisiós Labregas, pero o Goberno recorta seguido a nosa libertade sindical, tratando por todos os medios de impedir esta organización dende unha perspectiva nacionalista.

Pra esto o Goberno utiliza varios medios, dende non deixar participar nas distintas negociacións e conversas os sindicatos nacionalistas (somente poden participar os estatais) hastra a reconstrucción do sindicato fascista a traveso das Cámaras Agrarias.

As Cámaras Agrarias están recibindo pouco a pouco, máis ou menos encubertas, todas as funcións e competencias das vellas "Hermandades", asegún reflexan os estatutos feitos polo IRA ("Instituto de Relaciones Agrarias") e aprobados alí dónde os caciques teñen maioría. Así, as Cámaras Agrarias poden ser dende árbitro entre arrendador e arrendatario según a nova lei de arrendamentos, hastra elaborar os plans anuais de seguros agrarios, e, o máis grave, suplantar continuamente as representacións sindicais en cáseque todas as conversas e "negociacións" que afecten ao campo.

PRIMEIRO CONGRESO DAS COMISIOS LABREGAS (CC.LL.)

Pra sair con ben de todas estas maniobras coloniais dirixidas contra nosa, os labregos galegos debemos afortalar un verdadeiro Sindicato Labrego Galego. Esta é a laboura na que as CC.LL. estamos empeñadas dende a nosa fundación. Nos últimos meses vimos facendo un traballo de organización a nivel comarcal e parroquial, traballo silandeiro e pouco espectacular, pero fundamental e absolutamente necesario pra avantar na organización dese Sindicato Labrego Galego que precisamos pra poder resistir e combater todas estas agresións que se nos veñen como resultado da intensificación do proceso colonial que imos padecer os labregos galegos. Como un paso máis niste traballo organizativo, imos celebrar agora, o 29 de abril en Santiago, o noso primeiro Congreso, paso decisivo na consolidación do noso Sindicato e, polo mesmo, na organización dos labregos galegos. O primeiro Congreso, tén precisamente o lema da autoorganización dos labregos galegos na perspectiva da Reforma Agraria Galega. Iste é o camiño que estamos a andar niste preciso momento. Axiña a nosa organización estará o suficientemente consolidada e será forte abondo como pra combater con ésito contra da política colonial do Goberno e os plans da burguesía monopolista española e mundial.

ESPAÑA

A POLITICA DOS PACTOS PRAS ALCALDIAS

MARIA ALONSO

Socialistas e eurocomúnistas chegaron a un acordo pra que Enrique Tierno Galván ocupe a alcaldía de Madrid. As bases dos partidos e, en xeral, o electorado, creou a espectativa do entendimento. Non podía ser doutro xeito, xa que unha malanenencia entre as duas formacións maioritarias da esquerda española conduciría ao trunfo da Unión de Centro.

O partido do Goberno, pola sua banda, a traveso de diversas declaracións, tentou inúltimente denunciar como Frente Popularista e contrario aos desexos dos votantes o pacto PSOE-PCE. Nada máis lonxe da realidade.

En Madrid, o voto da esquerda estaba tan convencido da necesidade dun plantexamento unitario que, en moitos casos, desplazouse dende as formacións minoritarias que non iban acadar o cinco por cen esixido hastra os partidos que iban pasar desa cifra.

Madrid tén pois, "alcalde socialista". E nas bases do pacto PSOE-PCE inscríbese o condicionante dunha actuación aberta pouco personalista que poña o acento nos plenos municipais, que na sua composicion tenen maioria socialistas e eurocomunistas. E hora pois de pensar no programa, e entre as iniciativas mais urxentes figuran unha chea de batallas que enfrentarán ao recén nado axuntamento co poder do apenas remodelado Goberno. Madrid é unha cidade monstro no que as duas terceiras partes da poboación viven en condicións demigrantes. Barriadas construidas a varias ducias de kilometros do centro, sin enfraestructura, transportes, sin postos escolares.

COMISION PRA OS ESTATUTOS

As eleccións municipais dironlle forza á esquerda parlamentaria que actua a nivel estatal pra enfrentarse igualmente coa UCD no Congreso dos Diputados. Despois de ser investido por unha maioria moi minguada Suárez deu a conocer a nova composición do seu gabinete, que non é outra cousa senón un reparto de cargos entre os seus fideles amigos. A esistencia de 24 ministros, cunha diferenciación de funcións nada clara, cáseque repetitiva en varios casos, deu a ocasión pra unha petición socialista de debatir o tema entre todos os grupos parlamentarios.

Finalmente, cabe reseñar que entre as actividades inmediatas do Congreso figura a formación da Comisión Constitucional que terá de esaminar no plazo de dous meses os proiectos de Estatutos de Catalunya e de Euskadi, en Catalunya, a postura das forzas políticas parlamentarias é favorable ao testo presentado. Máis aínda, a sua rápida aprobación representaría unha saída ante as tensións que veñen entre as forzas políticas maioritarias e o presidente Tarradellas, cada vez máis perto da Unión de Centro Domocrático. Pro, no caso de Euskadi, Herri Batasuna, unha forza parlamentaria de representación considerable, rexeita o proiecto presentado e propúxose redactar nunha convocada asamblea de Euskadi un estatuto paralelo.

Tierno Galván un "novo" alcalde pra Madrid.

EUSKADI

O PNV nos axuntamentos

EMILIO VEIGA

O día catro de abril comenzou a sua vida unha emisora de radio eiquí en Barcelona; "ONA LLIURE" que tén como pretensión "carlle a palabra á xente", incluido dentro dun movemento autónomo dos partidos políticos e das centrais sindicais, e tamén de calquer grupo de presión. O colectivo "Ona Lliure", impulsor dista emisora, está formado por unha chea de traballadores, uns do medio e doutras moitas profesións, así como estudiantes, membros de colectivos de base ecoloxistas, gays, autónomos, obxetores de conciencia, feministas...

A pretensión é manter unhas emisions constantes de nove a doce da noite, en 91, 5 megaciclos. A sua pequena historia de emisión vai dos días 4, 5 e 6 de abril, un pequeno lapsus durante as vacacions de Semá Santa e volta a reaparecer o 17 e ó 18, sendo clausurados por funcionarios do Ministerio de Cultura o día 19, xustamente cando nos consistorios estaban tomando posesion os primeiros axuntamentos democráticos.

Despois dunha pequena campaña a nivel popular e a nivel de medios de comunicación, o colectivo decidiu volver sair en antena o día 23, facendo unha emisión que contiña os seguintes programas: aparte dos musicais, un informativo especial no que se esplicaba a historia do peche da emisora, a posición do colectivo diante diste peche, os artículos legais nos que se basan pra sair, e dábase conta tamén da denuncia legal que se interpuxo contra da Ministerio de Cultura polo que consideran un precintaxe ilegal. O colectivo acóllese ao artículo 20 da Constitución, no que se garantiza a posibilidade de espresar libremente as ideas ao traveso da palabra, do escrito ou calquer outro medio.

Claro que este artículo non está desenrolado en lei, pro non se faga a distribución de frecuencias, eles esixen o seu dereito a seguir emitindo, adeptando despois a frecuencia que lles corresponda na distribución.

Narcí Serra recortado nas suas función votos medos do goberno español.

RESPOSTAN A TODOS OS INTERESES

A historia do movimento de "Radios Libres" naceu como feito hai dous anos en Italia, onde a primeira emisora lle ganou a batalla ao Estado cun recurso constitucional no que protestaban polo peche da sua primeira emisora. A Constitución italiana recolle nun dos seus artículos a anticonstitucionalidade dos monopolios, polo que as radios libres italianas denunciaron o monopolio da RAI, Radio Televisión Italia sobor das ondas, ganaron esta loita e hoxe son 2700 emisoras de onda libre as que funcionan niste país. REspostan aos máis dispares intereses, dende a estrema esquerda á estrema dereita, a nivel político, e tamén hai intereses comerciais. Pro dentro delas, unhas quinientas respostan máis ou menos á ideoloxía dos autónomos, o que en Italia se chama "II Movimento".

Noutros países de Europa tamén arranxaron a posibilidade de emitir, no estado francés, concretamente, hai seis ou sete emisoras, eu Bélxica duas ou tres, en Londres vén de saír unha. Tamén hai emisoras no resto do mundo; así, Estados Unidos, Canada, Australia, e constanos que as milicias ultradereitistas do Líbano tamen as utilizan.

No Estado español, ademais dista que xa está funcionando, hai colectivos dispostos a emitir en Valencia, Madrid, Euskadi, Sevilla, Extremadura e outras tres en Barcelona. Todas elas parten, como necesidade, estar ao marxe dos partidos políticos.

O colectivo "Ona Lliure" reclama o dereito a poder espresarse, e xustifica que a libertade de espresión sin a libertade de emisión non tén ningún valor, xa que o privar a un da libertade de emisión, equivale a abenzoar a concentración dos medios de comunciación nunhas poucas mais que resposten a uns intereses comerciais e políticos, que son os que na actualidade dominan as cadeas de radio de todo o Estado.

A libertade de espresión non se fai real máis que cando se pode levar á práctica, e eso implica poder emitir libremente. En concreto, a campaña levada ao cabo durante estes días que estivo pechada acadou moita presencia nos medios de comunicación, así como a nivel popular. Todo o mundo se sinte predisposto a apoiar a iniciativa. Hai que decir que unha emisora capaz de chegar a Barcelona e o seu estraradio pódese montar por unhas 150.000 pesetas. O que demostra que este é un medio de comunicación ao alcande das máis amplas capas populares, pola contra do que deica agora nos fixeran creer; é mesmo máis barato que manter unha pequena revista de barrio ao montar un diario.

Iníciase con estas emisións un camiño que poe levar a un proceso de toma da palabra a todos aqueles que deica este intre se ven marxinados dos procesos de comunicación habituais. Agardemos que nista nova singladura "Ona Lliura" no se vexa silenciada unha vez máis.

VED "NA OPOSICION"

O mesmo día en que era precintada, romaba posesión da alcaldía de Barcelona Narcía Serra, do Partido Socialista de Cataluya (PSOE) formado unha maioría de goberno na que participan PSUC, Convergencia i Unió e Esquerra Repúblicana de Catalunya, ficando marxinada "na oposición" Unión de Centro Democrático. Ao mesmo tempo, esta alianza de progreso faciase patente no resto de municipios de Catalunya. Así, UCD queda practicamente escluida dos órganos de decisión e de poder de todo o país catalán. Esto non lles sentou nada ben en Madrid, xa que tanto eiquí como no resto do Estado, ó 70 por cen da poboación tén alaides formalmente progresistas, o Goberno a sacar decretos rebaixando o poder dos alcaldes. Concretamente en Madrid e Barcelona, que o alcalde non poida nomear xefes de xunta de distrito nin delegados de servicios ao marxe dos rexultados das eleccións.

PAISES CATALANS

O fenómeno das "radios libres"

MAIALDE

Si algo hai que salientar distas pasadas eleccións é o trunfo do PNV. Por outra banda, as alcaldías acadadas en axuntamentos como Eibar e Baracaldo, ous alcaldes de Bilbo, Donosti e Gasteiz enfrentan a este partido a problemas e responsabilidades que non conoceron deica agora. O PNV, con todas as ventaxas dun partido maioritario a nivel electoral e sin ningunha das obrigas tén que dar resposta en axuntamentos onde esiste un déficit de varios millóns e en axuntamentos onde a oposicon e as loitas pra millorar a calidade de vida estiveron encabezadas por outras formacións políticas.

NOVOS ALCALDES

En Bizkaia, o PNV acadou a maior parte dos alcaldes. Herri Batasuna conta con tres alcaldías e Euskadiko Eskerra cunha. Poboacións importantes como Portugalete e Sestao teñen alcaldes socialistas, igual que Ermua, Ortuella e San Salvador del Valle. En Gipuzkoa, que tamen é o PNV o partido con máis alcaldes, o PSOE non acadou ningunha alcaldía. Herri Batasuna tén alcaldes en localidades como Hernani, Pasaia e Errenderi acadando en total cinco alcaldes. Euskadiko Ezkerra un alcalde, en Andoain. En Araba, UCD quitou once alcaldías, o PSOE duas, Elciego e Samaniego, e o PNV máis da mitade. Nalgúns pobos importantes, como Salvatierra e Llodio, saíron candidatos independentes pola maior parte das forzas de esquerda. En Naforroa que abundaban as candidaturas de independentes, tanto de dereitas coma de esquerdas, UCD tén 28 alcaldías (sobor de 256 axuntamentos) e o PSOE 18. O resto das forzas —PNV, PCE, UPN niste caso— non pasaron dunha alcaldía. ORT, único partido apoiaba a candidatura UNAI, tén tres.

IRUÑA:

ALCALDE SOCIALISTA

Dalgún xeito máis que estes resultados, dous factores poden influir na situación política de Nafarroa: a alcaldía que tén o PSOE cos votos de Herri Batasuna e a presidencia do Parlamento Foral acadada cos votos do PSOE e de UCD.

O Parlamento Foral deberá decidir si hai referéndum ou non, como vía pra que Nafarroa entre no marco autonómico basco. E, por outra banda, a Diputación, con Jaime Ignacio del Burgo, da UCD, como presidente, e quen decide sobor de gran parte dos problemas máis aguilloantes de Nafarroa (autopista, pantano de Lumpier, venda dos terreos comunais). Dalgunha maneira, é unha incognita a postura que vai apoiar o PSOE durante os prósimos meses. O parlamento foral, por exemplo, peza clave na cuestión Nafarroa—Euskadi, somente aplicando o xuicio máis optimista podemos consideralo cunha escasa maioría favorable á integración formal.

España xa entrou na trilateral

J. J. NAVARRO-LLATZER MOIX

Nos primeiros días dista semá celebrouse en Tokyo a décima xuntanza da Comisión Trilateral, un organismo deica agora pouco conocido que agrupa aos principais espoñentes do poder económico e político do mundo capitalista.

Asegún moitos analistas, a Comisión Trilateral é o verdadeiro poder do noso tempo, un remexido de persoas influintes en postos clave que coordina os seus esforzos nos pirncipais países en postos capitalistas pra lle facer frente aos desafíos plantexados pola crisis económica e as correntes de cambio social que se producen tanto no Terceiro Mundo como nas metrópolis industrializadas.

Esta comisión creouse en 1973 —xuste no ano do comenzo da actual crisis económica— por inspiración de David Rockefeller, xefe do famoso clan norteamericano e presidente do "Chasi Manhattan Bank".

A Trilateral tomou o seu nome das tres áreas do mundo onde proceden den os seus membros: Europa Occidental, Norteamérica e Xapón, os tres bastións do capitalismo avanzado.

Moi axiñas agruparonse arredor do selecto núcleo de Rockefeller os máis significados e prometedores políticos, líderes empresariais, espertos económicos disas tres rexións. A diferencia que caracterizou dende un principio á Trilateral con respecto a outras asociación semellantes, tales como o Club Wilderberg, é que as suas miras son menos estreitas, no senso que pretenden unha defensa menos pecha e menos conservadora dos intereses capitalistas arredor do mundo. Noustante, eso non quere decir que as posicións da Trilateral non señan igualmente acérrimas na necesidade de conservar a economía de mercado como sistema dominante no mundo.

Outra diferencia importante é que a Trilateral non pretendeu ser sementes un grupo consultivo (aínda que así manifeste públicamente) senón que pola súa composición e os seus plantexamentos globais estuvo dirixida dende o principio a influir no poder, a formar parte del.

A lista dalguns dos membros da Trilateral pode ser moi aclaratoria niste senso: entre os primeiros homes de dimensión política que ingresaron na comisión estaban Raymond Barre, primer ministro francés, Hans Dietrich, actual ministro de Asusntos Extranxeiros alemán e sobor de todo Genseher Zcbigniew Brzezinski, asesor do presidente Carter pra Asuntos de Seguridade Nacioanl, e uns dos principais planificadores da política esterior norteamericana.

CONSOLIDAR A DEMOCRACIA

O mesmo acceso de Carter á presidencia dos Estados Unidos foi, asegún se di, unha maniobra moi ven executada polos membros norteaméricanos da Trilateral. Carter, de biografía política que non facía agoirar que un día puidera ocupar a primeira maxistratura USA, tamén estivo ligado á Trilateral a traveso de Brzezinski.

Ao revés que outros grupos de presión representantes dos intereses capitalistas, os homenes da Trilateral non centan a sua atención na amenaza comunista entendida como un perigo esterior ao sistema, nin predican a man dura do facismo nos psíses "amenazados" polas transformacións sociás. Pola contra, a doctrina Trilateral é a de consolidar a democracia formal en todos os estados onde se poida e chegar a un sistema de intercambio "máis xusto" con países do Terceiro Mundo. Así, asegún din os planificadores da comisión poderase dar mantida a hexemonía do mundo industrializado e chegarase a un maior desenrolo do mundo subdesenrolado.

Naturalmente, esta visión tan liberal das relacións internacionais está matizada pola insistencia dos líderes trilateralistas da necesidade que teñen os países industrializados de estar preparados, de protexer os seus intereses pola vía militar nas zonas do mundo que producen materias primas claves prá sua supervivencia económica, ou as roitas comerciais que xuntan por exemplo os Estados Undos coa Europa ou e Xapón.

Niste aspecto, a tantas veces comentada intervención francesa no Zaire ou o despliegue recén norteamericano perto das zonas petrolíferas de Oriente Medio son sinais de que as "democracias industriais" e coordinan os seus intereses cando se sinten verdadeiramente amenazadas.

ESPAÑA NA TRILATERAL

Un detalle moi a ter en conta pra evaluar a dinámica da política da Trilateral no seu ámbito europeo e mismo xa os acontecementos que poidan producirse xa logo no Estado español, é o feito que a esta última conferencia celebrada da comisión en Tokyo asistiron por primeira vez delegados españoles. Se non se ademitiu antes a España, foi estaba considerada como un "país democrático".

Nembargantes, dende a aprobación da Constitución —que ademais consagra a economía de mercado como sistema económico predominante— os máis grandes grupos de poder político e económico español tiveron acceso á Trilateral, xunto cos seus colegas das demais nacións industriais.

Os membros da Comisión Trilateral por España son os seguintes: José Luis Cerón Ayuse, actualmente responsable da "Confederación Española de Organizaciones Empresariales"; Carlos Ferrer Salat, presidente da CEOE; Antonio Garrigues Walker CEOE; Carlos March, presidente de banca March; Luis María Anson, presidente e director xeral da Axencia EFE; Claudio Boada, presidente da "Ford de España" e "Altos Hornos del Mediterráneo"; Ramón Trías Fargas, diputado de Convergencia Democrática de Catalunya; José Antonio Segurano, tesoreiro e responsable das relacións internacionais da CEOE, José Vila Martain, director do Banco Central, Jaime Carvajal, presidente do Banco Urquijo, Pedro Sehwartz, economista liberal, Alfonso Osorio, diputado de Coalición Democrática e vinculado ao grupo de empresas Banesto, Antonio Pedrol, decano do Colexio de Abogados de Madrid.

Rockefeller: Inspirador da Comisión Trilateral.

HARRISBURG: COA ESPADA DE DAMOCLES

RAUL FREIRE

"O primeiro estoupido inutiliza a conducción da auga fría; disponse, nembargantes, dunha tubería de seguridade. O segundo interrumpe o suministro de enerxía eléctrica; a Central, noustante, posee un xenerador de emerxencia. O terceiro estoupido desfai ise xenerador: as bombas de auga detéñense, paralízase a refrixeración das barras de reacción, e o uranio escomenza a roer no formigón, deica chegar ao chao.

A probabilidade dun "accidente en cadea de másima intensidade" é somentes do un por cada 17.000 anos, aseguraban quen propugnaron a construcción de "Helios". Cecais ise ano sexa o vindeiro, replicaron os detractores do complexo nuclear. E o accidente ocurre incluso inantes de cumplirse ise plazo. Aos cincuenta minutos de estoupar a terceira bomba, da Central despréndese unha nube radiactiva que escomenza a avantar cara Darmstadt e Frankfurt, aniquilando todo o que se atopa ao seu paso".

Estes son párrafos da presentación da novela "A esplosión" do alemán Hans H. Ziemann, publicada no ano 1976 como un alegato antinuclear. Hoxe, a ficción é realidade —actualidade— case ao pé da letra, en Harrisburg (Pennsilvania) na Central nuclear de "Three miles Island" nas beiras do río Susquehanna. Incluso as causas dos fallos na refrixeración do reactor núm. 2 están aínda sin clarexar, e falouse tamén de sabotaxe, inda que niste caso é posible que seña pra negar a posibilidade dade de fallos no sistema de seguridade da central.

Científicos responsables xa teñen indicado que un accidente nun reactor atómico pode causar un dano incalculable non tanto a resultas dunha esplosión, sendo máis ben como consecuencia da contaminación radioactiva.

Harrisburg é a proba incontestable de que o "imposible" non somentes é posible, senón que é xa un feito. E a reacción da multinacional Edison que manexa a central de "Three miles Island", calando, terxiversando e mentindo sobre os feitos, vén a demostrar abertamente cales son os métodos habituais que empregan os monopolios pra xustificarse, pagando aos seus técnicos pra que razonen "cientificamente" a inocuidade e seguridade das centrais nucleares. E isto é algo que se vai seguir facendo. Xa están na rua os alegatos de que o de Harrisburg "non foi nada"; "Certamente, as centrais nucleares demostraron que os seus niveis de seguridade son tan elevados que respostan plenamente evitando o dano ás persoas incluso en situacións graves".

A emulsión de gases radiactivos contaminou unha ampla zona arredor de Harrisburg. Pasarán anos deica poder evaluar realmente os seus efectos. E, por sorte, puido controlarse e logo reducirse, a borbolla de hidróxeno que se formóu no reactor atómico. Pola contra, nada estaba planificado pra unha situación de emerxencia polas autoridades.

Pero as multinacionais (Westinghouse, Babcock Wilcox, Edison...) e os gobernos non van renunciar aos beneficios do negocio nuclear. Todos van seguir adiante cos seus programas nucleares, xustificando as suas posturas de mil maneiras. Raymond Barre, primeiro ministro francés, asegura que os sistemas de seguridade das centrais en Francia son distintos ás das americanas, e, por tanto, non pode ocurrir ise accidente.

Agora esiste o feito, a proba de que non somente é posible, sinón algo que sucedeu nunha ctral nuclear declarada "absolutamente segura". E en Galicia, esportadora de enerxía, está en vías de instalarse unha central nuclear moito máis podente ca a de Harrisburg, en Xove...

Rallie de Tui

Organizado pola escudería Rías Baixas domingo día oito, desenrolouse perto de Tui o XII Rallie Internacional de San Telmo, cun recorrido total de 189 km. dos que 51 correspondían a tramos cronometrados. Tivo polo tanto Tui todo un auténtico espectáculo automovilístico, ao facer acto de presencia os millores pilotos actuais de Galicia e os millores do norde de Portugal, que un ano tras doutro veñen facendo a súa aparición nesta proba, puntuable pra o Campeonato de Galicia.

Así que moi de mañá cedo, no parque pechado situado en neumáticos "CAN-FRAN", facían acto de presencia prá verificación das suas máquinas, pilotos como Oanes, Rafae Cid, Toni Díaz, Xoan Carlos González, os portugueses Gonçalves, Da Costa, Oliveira, e cantidade de caras conocidas pra os que vivimos o mundo do automovil de perto. Cos pilotos iban chegando as suas máquinas, e puidemos observar cantidade de estrenos; así os irmáns Quinzán estrenaban un Seat 124/1800, Rafael Cid, xuntó co seu copiloto González, estrenaba un Opel –Kadett– GT/E, e como nota sobranceira deste Rallie, fixo acto de presencia o novo Seat 124/2000 de Lois Vilarchán, e o seu copiloto Xoan Otero, que abandonaban o seu vello e potente Alpine pra pilotar unha máquina de moita máis cilindrada, recén saida ao mercado. Este coche, identificable polas bandas brancas e negras sobre coor roxa, e polos seus aleróns deportivos, correu, e fará acto de presencia na maioría das probas da nosa Nación con cantidade de pegatinas de A NOSA TERRA nas ventanillas e nos parabrisas; e de Chapistería Loy na carrocería.

As dez da mañá saía o primeiro coche de Tui, era a máquina de Xoan Carlos González, "Culebra", que debido ao bo conocemento dos tramos, era un dos grandes favoritos. ¡E craro que o demostrou! ; xa na primeira manga de San Antoniño, foi o coche, ganando xa a primeira contra-reló por riba do Porsche Carreira RS de Gonçalves-Oliveira. Igual ca nas Neves, seguiriao a mala sorte (tivo que abandoar no tramo Camos, ao se lle rachar o delco). Toni Díaz era tamén un dos homes favoritos que soupo levar a bordo do seu Seat 124/1800 un perfecto pilotaxe que o levou a segundo posto na xeral. Un espectáculo bonito deuno tamén en S. Antoniño o 850 especial grupo 1 de A. Montes e N. Vila, que rodaron moi forte, quizábes que forte de máis prá sua categoría. Moi perto do final deste tramo, un derrapazo en plancha obrigou o piloto a facer un espectacular trompo pra non cair polo monte. Clasificaríase ao final este coche no posto 38, ganando un trofeo dentro da clase do seu grupo.

Lois Vilarchán e Xoan Otero fixeron en todo momento unha conducción moi espectacular; da falla dunhas rodas máis axeitadas pra este coche foi a culpa de que non acadaran un posto millor. Na xeral ocuparon o 21, conseguindo trofeo dentro da clase do seu grupo. A parella Oanes-Piñón, foi nos mandos dun Alpine 1600. Rodaron moi rápido, quedando nun merecido terceiro posto. Ao final, o Porsche Carrera de Gonçalves e Oliveira foi o vencedor.

Así pois, cantidade de inscripcións, moitos aficionados, chuvia, frío e unha perfecta organización da escudería Rías Baixas, foron os protagonistas deste rallie. Entre os aficionados observamos moita caras conocidas do mundo do motor, entre elas, o moi perto nosa, o popularísimo piloto da casa oficial Seat "Beni" Fernández, que lle vimos no rostro moitísimas ganas de estar participando; cecais despois de estar durante algún tempo correndo por todo o Estado o "Campeonato de España", sinta morriña de correr na sua terra, ¿quen sabe? ...

A clasificación quedou así:

1.– X. Gonçalves-Oliveira (Porsche Carrera RS g.4), t. 35' 10".

2.– Toni Díaz-Rodríguez (Seat 124/1800 g. 2) t. 35' 39".

3.– Oanes-Piñón (Alpine 1600 g. 4) t. 35' 52".

4.– Rafael Cid-González (Opel Kadett GT/E g. 1) t. 35' 58".

4.– Piñeiro-Alonso (Seat 124/1800 g. 5) t. 35' 58".

6.– Rosendo-Costas (Opel Kadett GT/E g. 1) 36' 19".

7.– Dacosta-Moreira (Opel Commodore GS/E g. 5) 36' 37".

E así hastra 39 coches clasificados dos 53 que estaban na saida.

X. L. CASTELLANO BOUZON

O 17 de Maio de cada ano, na nosa nación galega, é "O DIA DAS LETRAS GALEGAS", día que a Academia Galega adica a escritores galegos (escritores en idioma galego) e entidades culturais, políticas e cidadans adican un día de chamada de atención sobor da situación noso idioma e cultura, aldroxados, negados, non oficiais; por mar de que o idioma e cultura oficiais son o español e a cultura española; cultura e idioma alleos á nosa patria Galicia. Queremos que maxinedes o que seriea iste día nunha Galicia ceibe, cun idioma e cultura propio, oficial, coñecido de todos e nunca máis aldroxados. Pois veña: maxinade, escribide, e mandanos o que pagades.

HABERA PREMIOS! ! !
A NOSA TERRA

REVISTA MENSUAL
MONTHLY REVIEW

A revista que analiza a coxuntura histórica e a loita de clases a nivel internacional, e que tén por finalidade o "comprender con claridade os obxetivos e problemas do socialismo" (Albert Einstein).

CHINA: ENTREVISTA CON CHARLES BETTELHEIM
CRISIS, PACTOS E DISTRIBUCION DA RENDA
CONTRA DA NEUTRALIDADE DA TECNICA
SOCIEDADE ANONIMA, ESTADO E IMPERIALISMO
AMERICA LATINA: PUERTO RICO E O PERU
MEDICINAS E MULTINACIONAIS

Abril 79, Vol. 2, 9.

Ofrecemos, encadernados nun volume de tapa dura, os doce números correspondentes ao primeiro ano de edición española (Maio 77 – Xunio 78). O enderezo pra pedidos e correspondencia é:

C/Rosellón–282–entlo. 1a, Barcelona (37).
Tfno. (93) 2073502.

UN COLLEITEIRO DE VERIN

ESTHER ROMERO CASAL

Iste ano convidáronme a pasar o Antroido en Verín, onde penso, sin despreciar o resto das zonas, que é xunto con Laza onde se conservan millor estas festas, aínda que cada ano que pasa perden un pouco do seu tipismo, máis que nada por culpa do turismo.

Logo que chegamos a Verín, dirixímonos a cas dos nosos anfitrións, e o primeiro que topamos foi ao pai do noso amigo; mentras esperábamos que chegase o resto da familia, ofreceuse a nos ensinar a bodega e de paso, refrescarnos do viaxe cun vaso de viño. Cando o estábamos bebendo, atopeille un sabor tan especial que se me ocurriu facer un artículo dentro dos adicados ao viño sobre o destas zonas, recollendo os dados que poidese facilitarme esta familia, xa que entre as suas actividades tamén se conta a elaboración do viño.

Pola noite, despois da cea, a dona da casa ofreceunos unha copiña, e eu pensei que sacaría o típico e rico licor café, o Caña, as Herbas e as Guindas. Pero cal sería a miña solpresa cando alí empezaron a aparecer toda una restra de frascos cada un cun líquido de coor distinta, no que nadaban tamén froitos distintos. A dona da casa díxome que todas eran preparacións feitas por ela e que tiñan como base o Augardente procedente do viño colleitado por eles. Moi amabie, ofreceuse pra me descobrir os seus secretos, pero estes deixareinos pra un prósimo artículo adicando éste ás características xerais do viño.

TIPOS DE CEPAS:

As cultivadas por esta familia son:

Roquete
Xerez
Dona Blanca
Alicante
Tinta Gorda
Tinta Fina
Grano Negro
Verdello
Bastardo
Monterrei
Garnacha

LABORES:

O que primeiro lle dan á viñas, é a PODA, deixando somente un ou dous abrollos a cada cepa, logo fan a PRIMEIRA ARADA, seguida da limpeza da terra do redor das raices cunha aixada, pra que medren cara abaixo e non suban á superficie. Tamén lles botan xofre misturado con algo de veleno pra matar a bicharada.



Na primeira quincena de maio danlles a primeira man de Solfato, pero se a primaveira vén retrasada, pospóñenna deica a primeira de xunio. Sigue a MARFOLLA, que consiste en arrincar os gromos d fondo das cepas, os que non teñen uvas.

No mes de xunio, fan a SEGUNDA ARADA, despo de solfatar e non antes, xa que senón as cepas pódem infectar co Mildeu.

Logo, deica fins de xulio, de cada quince días bota unha man de Solfato.

VENDIMA:

Esperan pra facela a que as uvas estéñan m maduras, que ao tocar os racimos, se peguen ás mans.

Os aparellos empregados son:

Podonas: Coitelos curvos pra cortar os racimos.

Barreleiros: Pra ir botando os racimos das cepa cada un vén equivalendo a tres caldeiros.

Cestos de goma: Pra transportalos en camioneta dende a viña a bodega.

ELABORACION:

Branco: Despois de esmagar as uvas sin o bagazo, deixan fermentar o mosto en tinos, botándolle o metebisulfito e vixiándoo arreo pra lle iren limpando a escuma que forma e así conseguilo moi crariño. Pra que os tinos esteñan sempre cheos, téstanos con viño doce. Aos tres meses fan a primeira trasega.

Tinto: Esmagan as uvas co bagazo e deixan fermentar todo xunto oito ou dez días, cando é pouca cantidade, facendo os bazuqueos. Ao rematar a fermentación pásano a outros ataños limpos.

Pra que o viño colla "agulla", siguen esmagando uva e engadíndoa.

Pra que as tormentas non o derramen, fan unha trasega antes do mes de maio.

Clarete: Separan as uvas esmagadas do bagazo despois de tres ou catro días de estar fermentando xuntos, pasándoas a envases limpos onde sigue a fermentación, engadindo como no caso do tinto, uvas esmagadas, aparte sin o bagazo pra que vaia collendo "agulla".

da terra asoballada

O ILLOTE DE OUTEIRIÑA

A Sociedade Galega de Historia Natural chama a atención sobor da pretendida instalación dun camping na illa de Outeiriña (A Lanzada. Pontevedra), instalación que contraviría non somente as normas legais, senón as estéticas tamén.

Outeiriña é o nome dun pequeno illote da praia da Lanzada (Pontevedra). En frente da anterga capela, Outeiriña —o nome xa fala de por sí— adéntrase no mar facéndolle o duo ao promontorio.

Pero velaí que unha desgraciada "iniciativa privada" puxo o illote no seu punto de mira, e xa hai un intento serio de facer un camping no seu cumio.

Niste proiecto, unha ponte xurguiría o illote a terra. Logo porían casetas, bracas e demais trebellos necesarios dun camping. O resto devería nunha desfeita.

A SGHN quer poñer unha nota de aten ción prás autoridades competentes, os veciños, os amantes da Lanzada pra tratar de impedir esta tolemia. O camping non sería tan alto coma os edificios de Toralla, pero o resultado non sería millor.

E cunha Toralla nas nosas rías, xa abonda.

OS METODOS DOS QUE TEÑEN A FORZA

O día 30 de marzo saímos os rapaces da clase de terceiro de BUP do colexio "María Inmaculada" de Silleda de escursión a Madrid, Málaga, Marbella, etc. Pro o caso que quero relatar pasounos en Madrid o día 30 pola noite. Estábamos cinco compañeiros, todos galegos, diante dun cine pra ver a película "Superman", pro resulta que se esgotaran as localidades. Entón apareceu un home que nos quixo vender as de revenda; nós non as quixemos, e despois dun par de minutos aparecéronsenos dous deses estraordinarios e maiores bestas de España, os grises, e mandáronnos entrar aos cinco a un pasillo escondido do cine onde nos pediron a documentación; non podiamos decir nada, pois senón dixéronnos que nos sacudirían coa porra, e a un estiveron a piques de levalo á comisaría porque tiña unha fotocopia do carnet de identidade en vez do orixinal. Esto esta mal pero pior foi o que nos pasou despois, cando me cachearon e me atoparon un papel escrito en galego. Un deles díxonos:

"Así que sois gallegos; ya me parecía a mí. Todos los gallegos sois unos cerdos y unos inútiles" —díxonos o compañeiro—. "Lo único que haceis es chupar el dinero de Madrid mientras que muchos castellanos se mueren de hambre".

"En eso tiene razón mi compañero, así que andad con cuidado; si os encontramos algún fallito de nada, os llevamos a la comisaría por el simple hecho de ser gallegos, los de las otras regiones merecen algo de consideración, pero vosotros no mereceis ninguna, así que andando con cuidado por Madrid".

Gracias a Deus, non nos atoparon ningun fallo e puidemos marchar, ainda que levando antes a "promesa" de que "si nos volvían a ver, gallegos del demonio", así nos chamou, levariannos á comisaría.

Tras desto, fágome duas preguntas: ¿Os grises teñen dereito, abusando da sua forza, a meterse cuns rapaces que non fixeran nada e chamarlles o que a eles lles de a gana? ¿Somos os galegos quen zugamos cartos de Madrid ou é o reves, que os madrileños zugan cartos de Galicia?

Coido que os grises non teñen dereito a abusar de nadie e menos de insultar a unha comunidade de persoas como somos os galegos; eles crense que estamos aínda baixo a dictadura franquista e non teñen en conta os máis elementais dereitos, como son o dereito a falar e a defenderse. Por outra banda coido que quen zuga os cartos son os casteláns, debido o seu centralismo; por eso nós buscamos e loitamos por un goberno propio que non dependa de Madrid, e por eso teño que rematar cun ¡Viva Galicia ceibe! e ¡Abaixo o centralismo castelán!.

DANI CARES

DA ARTE E DOS XEITOS

POR FELIPE SENEN

AS HERMIDAS: ARTE E PAISAXE BARROCO NAS TERRAS DO BOLO

A quen teña vagar e leria recoméndolle que colla a andaina cara as terras do Bolo, e se pode ser niste tempiño soleado, aínda mellor. Son as terras nas que nun día asentaron os "Cigurros" co seu "Forum Cigarrorum" que se ven poñendo nas mesmas beiras do Sil, e máis concretamente na Rua e Petín.

O camiño de asfalto vaille facendo as beiras á antiga "vía nova" ou III, que se abriu xa nos tempo de Tito, dende Braga a Astorga, alongándose pola Antela e serpeando polos cumios do Rodicio e polos principios do Bibei baixa e sube entre socalcos e repartidos alciprestes que son como a bandeira das terras nas que se dan os viños bariles de alta graduación.

A testa da Cabeza de Manzaneda amósase de neve branca e limpa baixo dun sol primaveiral que chega e fura deica os fondellos dos ríos Bibei, Xares e Conso, encadeados polos embalses. Isa raxeira de quentura queima e é a causa das limoeiras e das oliveiras que na antigueda-de souperon aproveitar con millor man que nos mesmos nosos días. Ainda se conservan os vellos muiños de aceite, como reliquia e proba do que se pode facer nista Galicia, o choio é que se nos meta na testa e nos dea a gana de vez.

Da arte das Hermidas do Bolo habería moito que falar, polo de agora abonda con ista relación paisaxe-arte-home. Pois ambalas-duas cousas mestúranse dun xeito tal que as tres parecen feitas pola mesma man. Isa artemedra antre as penedas e ao pé do río, isa arte barroca que quere ser tamén natureza e que

está na moimental eirexa, nos pendellos, nas solainas e hastra nos póstigos de cadansua casa como nas verbas cantareiras das xentiñas do Bolo, de Petín ou de Valdeorras.

Botaremos somentes un grolo de auga fresca na fontiña da Dormiñona, non seña que nos faga mal a friaxe. Chámanlle da Dormiñona pola figura traballada que se representa derriba do cano; é unha muller que foi coller auga no seu cántaro e namentras se enchía pegoulle un sono de séculos, un milagre semellante ao de Don Ero da Armenteira; son esas lendas poéticas que anovan o vencellamento do home coa natureza; na Armenteira, Don Ero quedaba prendado diante dun paxariño, e nas Hermidas a moza queda engaiolada diante dunha fonte cantareira.

O certo é que a fonte da Dormiñona bota unha auga fresqueira e limpa que vai caindo no pilón con forza, en tanto que derriba dela queda todo unha tramoia de pedra e de rebiriques barrocos; noustante unha queixaluda cara de pedra non se ve cansa de botar polo seu bico isa fiada de auga que lle vai comendo os beizos. A Dormiñona sigue a dormir, sobre dela o escudo do poder das Hermidas e no fondo da congrostra o grande santuario baixo das penedas, a il van os endiañados, os enfermos sin remedio, os ofrecidos, e alí no seu camarín está a Virxe das Hermidas arrodeada de anxiños de madeira e de metal que nas solemnidades e polos argalladas do home disque beilan e voan ao seu redor.

A fontiña das Hermidas sigue a botar auga fresca, a Dormiñona sigue no seu sono de pedra, a raxeira cai polo vran e a xeadpolo inverno; baixo do pendello, os homes das Hermidas conversan. A historia, a arte, a paisaxe das Hermidas aínda están no Barroco.

andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

O CEDRO DA HORTA DA CASA DE HORTAS

Os Hortas —a cuio clan perteñezo— están asentados polo menos dende o século XVI, según proba documental que esiste, en Outeiro de Rei da Terra Chá. Esta é a primeira noticia documentada de que eu sepa que teño da miña familia. O máis probable é que o meu clan esteña asentado dende sempre na miña tribu. Así mo dice o meu bó senso común.

A casa dos Hortas, a catro augas, co seu pozo, os seus alboríos, a súa aira e a súa horta está moi ben murada. Case ten ben murada como a cidade de Lugo, con perdón e gardando as debidas distancias. A actual cada dos Hortas foi erguida polos meus abós hai xa moi perto de cen anos. Pra erguer a casa nova, feita por canteiros de Gaioso, tiraron a vella. Con esto quero decir que o solar dos Hortas vense conservando dende sempre no mesmo lugar. Tamén compre acrarar que meus abós eran moi amigos e compadres dun crego, que foi párroco da tribu, chamado D. Manuel Montes Méndez e que logo rexentou a parroquia de Pontedeume e morreu sendo párroco de San Xiao ou San Xulián do Ferrol, en cuia cidade empregou a varios chairegos de consumeiros. D. Manuel Montes era moi estimado na propia tribu e ainda se garda a súa lembranza. Partiu o monte común entre os veciños e artellou, a comenzos do século, un Sindicato Agrícola chamad San Sido labrador. Máis destes lerios xa falaremos outro día.

De modo e de maneira que, según conta a tradición do noso clan, meu abó un día que foi a Pontedeume visitar o seu compadre e antigo párroco, este agasallouno co plantío dun cedro. Servidor sempre lle sentiu falar a seu abó dun teixo enorme que había —e supoño que o hai— en Pontedeume. Cando olle a Pepiño Barro teño que pedirlle noticias do tal teixo. Pois nas miñas vagancias pola vila dos Andrade nunca o atopei. E non por falta de andar a súa percura. Sei que dende o comenzo de século andivo retratado nas tarxetas postales co nome de "El tejo".

Voltando ó do cedro teño que decir que meu abó veu moi gustoso co tal agasallo. E prantou o cedro no fondo da hortaE alí foi medrando. Cada ano íbano podando. E o cedro tirou dereito e lanzal como un fío. Tanto medraba que case se descoñocía de día a día. Cando venteaba as ponlas do cedro eran moi sonoras. Moito máis sonoras que os pinos do noso hino nacional. Esto podo atestigualo. As canciós do cedro arrolaron os meus sonos e ensonos de meninos. Xa rapazolo teño agatuñado moitas veces polo seu toro na percura dun niño. De rapaciño, nas sestas do vrau, debaixo do cedro, era a onde iba a ler ós poetas románticos e as novelas sentimentales que me prestaba unha amiga da miña nai, oxe monxa crarisa en Toledo. O cedro pra este servidor era como da familia.

Agora levo unhos días alporizado e incruso cabreado por culpa do cedro. A derradeira vez que estiven na tribu, notificáronme os da familia, que iban derrubalo. O cedro medrara moito, o furacán xa o escrutara. E teñen medo que unha ventalada tire co cedro e haxa unha desgracia. Como era a miña obriga púxenme de parte do cedro. Temo que a miña defensa non lle vai valer de nada, nin aínda que abra a miña navalla de Taramundi pra defendelo. Non lles logrei meter na testa ós do meu clan que é científicamente imposible que haxa vento capaz de derrubar o cedro.

Pra desafogarme do meu cabreo escribín ese poemiña, que leva o mesmo títul desta crónica, e que penso incruir no TERRA CHA, si é que acada nova edición. A versión do poema é provisional. Pido que me perdoen. E tamén que me comprendan. E ahí van os versos sin mái músicas nin retóricas:

Meu lanzal cedro senlleiro
que naciche en Pontedeume:
¿gardas lembranza en Outeiro
das doces augas do Eume...?

Cando o meu abó e padriño
te puxo na horta de Hortas:
ieras un cedro noviño
de ponlas fleves e cortas!

¡Non hai albre tan fermosa,
nin ponlas tan cantareiras,
nin pousada tan xeitosa
pras anduriñas lixeiras...!

As estrelas fan o niño
no teu cimo, meu irmau.
Tí, si te estiras un pouco,
tocas ó ceo coa mau...!

Como eres tan xigantón
falaron de derrubarte.
¡Eu sempre dixen que non
e loitarei por salvarte!

Si a sorte, cega e arteira,
remata un día contigo:
ieu pídolle a túa madeira
que baixe a terra comigo!

o idioma

MARIA PILAR GARCIA NEGRO

QUEN, NON QUENES

Moitas das formas incorrectas que lemos ou escoitamos no noso idioma son calcos do español, galeguizados, que reproducen un rasgo que a norma da nosa língua non admite. Este fenómeno non se deriva de o galego e o español seren línguas 'en contacto", eufemismo empregado ás veces para non falar de conflicto lingüístico, senón que precisamente é o índice do dominio do español sobre a nosa língua. A razón de todos os castelanismos incrustados no noso idioma é ésta e é evidente que irán desaparecendo conforme o galego gañe terreo e recupere os usos que o español lle usurpou. O caso que imos comentar hoxe pertece a este grupo de incorrecciónS debidas a agresión do español. Ese "quenes" que se emprega con frecuencia non é máis que a reproducción galeguizada do español "quienes". Este pronome no noso idioma é invariábel:

¿Quén sobe polo portelo?

¿**quén son** aqueles tres mozos?

E o Farruco e máis o Chosco
e máis o Escarabello

di a cantiga dos tres "afortunados" mozos. Especialmente co verbo "ser", **quen** pode levar o verbo en plural: "quén son aqueles tres mozos", "quén serían os que o fixeron"... O plural español "quienes" fica recollido, como se viu, no invariábel "quén" ou ben noutras forma do relativo: "os que", "as que"... Tampouco non é correcta a invención "quens", nunca viva na língua. Reparemos tamén na forma "cada quen": "cada quen o fará ao seu xeito", "cada quen pillou o seu"...

Outra forma do relativo que merece comentario é CUIO, forma que realmente debe ser evitada, pois non é máis que a versión, galeguizada na grafia (o "i" latino) do "cuyo" español. O latín CUIUS debería ter evolucionado no noso idioma á forma "cuxo" (como o fixo o portugués: "cujo"), mais esta evolución se non produciu e hoxe resulta un chisco artificioso restaurar a forma que sería a lexítima, "cuxo", que mesmo é homófona dalgo totalmente dispar: a cria da vaca. Débese, pois, tentar sustituilo por outras formas do relativo, coa preposición "de", que mercarán tamén a posesión: "os libros dos que o autor é X están aí", etc.

CINE

"ESTADO DE SITIO": REIVINDICACION DO CINE "POLITICO"

Uruguay é o país que ten a proporción de presos políticos máis alta do mundo, un país onde as forzas armadas e a policía absorben a mitade do presupposto nacional e onde de cada vinte ciudadanos un tén a misión de vixiar, perseguir ou castigar aos outros vintenove, un país de vida económica estrangulada pol imperialismo yankee e onde os mozos, dende os técnicos universitarios aos operarios cualificados e aos traballadores en xeral, teñen que emigrar buscar emprego noutros países. Ista situación dictatorial somente se esplica en función da "colaboración" americana, materializada, entre outras cousas, na remesa de técnicos americanos pra preparar aos policías de Uruguay e de toda Latinoamérica na represión por todos os medios —sin escluir a tortura xeralizada como medio de conseguir información e derrubar así moralmente ao nemigo— de calquermovemento político liberador ou progresista.

O secuestro dun distes técnicos, Philip Mike Santore, axente da "AIT", departamento americano da "Alianza para e desarrollo", o seu xuicio posterior —pormenorizado polo miudo, hastra acadar a confesión política do individuo e das suas funcións represivas—, e execución final por parte dun movemento de liberación nacional ("Tupamaros") e a base argumental do film de Costa Gavras "Estado de sitio", realizado en 1972.

Costa Gavras é un director destacado do que se tén dad en chamar "cine político". Nefeuto nas suas tres últimas películas utiliza temas políticos claves da historia contemporánea: a dictadura dos coroneles griegos en "Z" (1969), a Checoslovaquia ocupada polas tropas do Pacto de Varsovia en "La confesión" (1970) e a guerrilla urbana dos tupamaros en "Estado de sitio". De todos os xeitos, sería simplista definir todas istas películas como cine político, na medida en que todo cine é político e o cine imperialista (Supermáns, Travoltas e demáis horteradas) transmite perfectamente a ideoloxía dominante capitalista, cumprindo un papel preciso como aparato do poder de alienación, mitificación e alleamento. Quizabes sería millor falar de cine militante ou cine revolucionario: militante en canto se adscribe e apoia unha praxis política dun movemento revolucionario (niste caso pola independencia nacional e o socialismo), revolucionario por canto o cine cumpre eiquí un papel desalienador e toma parte activa nun proceso de liberación nacional ou de loita de clases. O Cine revolucionario é pois un cine de liberación, é un instrumento de conciencia crítica, de intervención nun proceso de cambeo social e, anque o cine non pode facer evidentemente a Revolución, si pode transmitila e contribuir a unha "revolución cultural". Pra que o cine revolucionario militante cumpra o seu papel é necesario antes que nada que seña bo cine: unha película sobor un proceso revolucionario mal feita non é somente un defecto estético, a sua deficiencia reside sobre todo en non comunicar con eficiencia o mensaxe ou en representar a realidade dun modo indiferente ou redundante. O cine revolucionario tén que fuxir igual do maniqueísmo, do didactismo simplificador e da manipulación histórica dos feitos; en canto todos os procesos revolucionarios son complexos, o cine tén que recoller isa complexidade por riba do plano panfletario ou propagandístico.

No caso de "Estado de sitio", Costa Gavras imprímelle ao relato un nivel narrativo áxil, movido, semellante ao do cine de aventuras ou o cine policiaco, campo do que viña Costa Gavras antes da sua inmersión no cine "político"; en función dunha maior comprensión da narración elude os aspectos máis complexos do proceso, sobre todo en canto aos individuos militantes e acusados como persoas, cuns sentimentos e contradicións particulares. Trátase de conseguir antes que nada a adesión ou comprensión dunha postura política, ao marxe dos medios estéticos con que se conte pra ista tarefa; pra tal, Costa Gavras reconstrue, na ficción e sobre feitos reais, ocurridos en Uruguay en 1970, unhà acción política revolucionaria, sin cair tampouco no mero documental periodístico. O cine político-revolucionario pode cumprir así un papel de información política e ao mesmo tempo de formación política, de estudio, documentación da realidade e de concienciación, convertíndose así nun arma de loita máis a utilizar no frente de oposición aos aparatos ideolóxicos do imperialismo e creación dunha nova cultura. Se é certo que iste cine chega a uns núcleos relativamente reducidos de espectadores, isto non sirve pra invalidar o cine político como pretenden algunhas posturas, senón precisamente pra insistir en prantexarse o problema da creación e difusión de alternativas pra unha nova cultura, situación ista que en ultima instancià depende, dende logo, da transformación a nivel económico e político de toda a sociedade.

LOVAL

FICHA TECNICA:

Director: COSTA GAVRAS.
Guión: FRANCO SOLINAS e COSTA GAVRAS.
Fotografía: PIERRE WILLIAM GLENN.
Montaxe: FRANCOISE BONNOT.
Son: ANDRE HERVEE.
Música: MIKIS THEODORAKIS, interpretada por LOS CALCHAKIS.
Distribución: V. O. FILMS, EASTMANCOLOR.

INTERPRETES

YVES MONTAND
RENATO SALVATORI
O.E. HASSE
JACQUES WEBER
MAURICE TEYNAC
HARALD WOLFF.

ARTE

DIBUXOS PLUMA

Cando Alvaro González Vega cursaba os estudios de bachillerato en Lugo, capital da provincia onde naceu (Paradela) hai 24 anos, nun local cedido pola Diputación espoñía os seus cadros.

Agora, despois dunha reafirmada laboura artística, Alvaro González Vega fai fora do noso país a primeira esposición na Galería Taller de Picasso de Barcelona, cun total de cuarenta pinturas de formas esluidas en atmósferas e transparencias dun cromatismo cunha marcada tendencia gris. Non esiste millorxeito de amosar o inconformismo cunha sociedade desvirtuante, inxusta, valeira de sentimentos e rebaixada ao derradeiro degrau de dexeneración. E, precisamente, o mundo do subconsciente o que sostén o análisis valente e esperpéntico. A súa vida, a sua terra transparente nas formas que danzan entre o real e o irreal co abrente bretemoso lugués. Non se trata dun burdo manexo da pluma (neste caso) pra poñer en evidencia o sinsentido de infinidade de cousas, senón que hai unha ordenación simbólica cara a materialización do inconformismo.

O insecto (a mosca) representa a sua dexeneración estrema, esistencial nos dibuxos sin piedade de Alvaro. Atópase niste insecto, noxento e repugnante, a simbolización de condicións humanas en diversas formas de movementos da vida.

Outras veces, as figuras aparecen esluidas, flotando nun mundo incerto. Nunha composición, os tenedores desaparecen nas brétamas significando a dura loita pola mera subsistencia que se agacha no medio da inxusticia humana, sin posibilidades de acceder máis que a sinxelas necesidades materiais. E un ser humano quynon vive, o mesmo que se fora unha calivera pacente e sensible no medio e medio do seo dos vivintes. Evidentemente, o panorama pictórico de Alvaro González Vega carga as tintas (nunca millor dito) dun verdadeiro pesimismo da esistencia real.

Eso, trasladado ao mundo subreal de coores grises capaz de espresar sin falsedade as cousas. E un mundo forte, pro ao mesmo tempo un mundo lírico. Alvaro pode decirse que non se para nas formas esternas das cousas, vai polos seus interiores analizando a máquina máxica que fai, desfai e move todo o que nos arrodea.

LOIS CELEIRO

axenda

CINE

La Cecilia de **J. L. Comolli** (Francia). As 10,30 da noite na Casa de Cultura, rua do Concello 9. **Ourense.** Organiza Cine Club "Padre Feijóo".

Sonata de otoño de **Ingmar Bergman.** Cine Yago. **Santiago.**

La última mujer de **Marco Ferreri.** "Presénciase unha agonía consciente e polo tanto patética dos seus héroes, personaxes que xa non piden nada en troques ou, en todo caso, que se os deixen tranquilos, porque xa non queren saber nada diste mundo: o dereito a morrer". Salón Teatro. **Santiago.**

Mostras

Arquitectura prerrománica en Galicia, organizada pola comisón de cultura do C.O.A.G. Na Galería Sargadelos, do 23 de abril ao de maio. **Santiago.** Vinteún paneles, nos que se recolle, ao traveso de fotografías, dibuxos de plantas e testos esplicativos, unha ampla visión do prerrománico nas construccions galegas.

Verde e azul. Oleos de **Xaquín Chaves.** Sala Maestro Mateo. Do 19 de abril ao 5 de maio. **Santiago.**

Fernando Bellass, espón as suas fotografías no Pub "O Patacón", rua do Orzán 10-baixo. A Coruña. Dende o 21 de abril ao 21 de maio.

Música

Recital do grupo musical **"Agra" da Coruña.** Sábado, 28 á oito e 10,45 noite e domingo, 29 ás oito. Na Sala Carral, Círculo Ourensán-Vigués. **Vigo.**

Fuxan os Ventos, día 30 as 7,30 e 10,30 no Teatro Barceló. Organiza Agrupación Cultural "Lóstrego". **Madrid.**

Concerto da **Orquesta da Coruña,** día 27, ás nove na Eirexa de San Martiño. **Noia.** Dentro do II Ciclo Cultural de Música en Galicia. Organizado polo Vicerrectorado de Estensión Universitaria. Director **Roxelio Groba.**

Quinteto de Vento da Coruña. Estreno dunha obra de **Enrique X. Macias.** Día 30, ás oito do serán. Auditorio da Caixa de Aforros. **Vigo.**

DISCOS

DISCO DA SEMA

Amancio Prada.— CANCIONES DE AMOR Y CELDA.
Movieplay 17.1441/1.
Grabación.— 9 — Partituras e interpretación.— 8.

"Amancio presenta agora un novo disco na liña do Cántico Espiritual, no que engade a flauta e o óboe ao trío violín-cello-guitarra. Os testos de J. del Enzina, L. López Alvarez, R. Tagora, A. García Calvo, A. Machado, A. Prada e Tradicionais son interpretados na técnica de canto-falado común en Amancio Prada. Interesante é a esperiencia de "lied" con piano ao remate do disco. Traballo impecable ao que se lle criticará o repetitivo, pero unha vez máis na música do berciano ou se toma ou se deixa, o que non se pode decir é que o seu traballo seña defectuoso".

* * *

Agustín Barrios.— Música pra guitarra.
Intérprete: John Williams.
CBS-76662.
"Disco de alto interés pra amantes da guitarra, esclusivamente".

* * *

Richard Digance.— HOW THE WEST WAS LOST.
CFE-Guimbarda GS-11019.
"Cantautor inglés, correcto e "pulcro" (polit) sin especial interés".

* * *

Roger Mason & Steve Waring.— A GUITARRA AMERICANA.
Le Chant du Monde-Edigsa EDX 74441.
Steve Waring.— O Banjo Americano.
Le Chant du Monde-Edigsa EDX 74472.
"Dous discos que levan algúns anos nos catálogos e que son esenciais na colección de calquer amante do folklore".

PRA OS NENOS

Cada xoves, dende os primeiros meses do curso, chegan a Santiago grupos de cincuenta pequenos que realizan unha visita cultural á cidade, que está programada e patrocinada pola Biblioteca Infantil "Club 33". Deica agora son vinteún colexios os que se pasaron.

Pra este motivo, a Caixa de Aforros editou un folleto onde se dá conta do recorrido que os alumnos de EXB da zona van realizar. Así, os nenos conoceran, ao traveso do programa, o orixe histórico da cidade, a Colexiata de Sar, o Museo do Pobo Galego, a Catedral...

CARTAS

CAPITALISMO E SITUACION COLONIAL

Estaba lendo o número 53 de A Nosa Terra, cando me solprendeu unha frase do comunicado da ING, referente aos tristes sucesos do Ferrol: "Daquela, os métodos que o capitalismo monopolista español...".

Non entendo moito o galego, pro paréceme absurdo adxetivar a palabra capitalismo; que eu saiba, o capitalismo é un, aínda que poida ser corporativo ou máis competente (de competencia e non de eficaz). Se se quer facer referencia á situación colonial de Galicia, coido que se tén que decir doutro xeito, porque senón, parece que se quer decir que un potencial capitalismo galego, por poñer un exemplo, é bon ou cousas polo estilo, e na miña modesta opinión, esto somente o poden decir unha improbable burguesía local, ¡oio un sindicato! ...

SANTIAGO GONZALEZ
Madrid

A DEMOCRACIA DOS CACIQUES

Non hai aínda moitos anos, o diario lugués "El Progreso" foi escenario dun litixio entre Félix Vergara, que somentes lle admitía ao seu pobo o nome de Lóuzara, e Benito Mourelo, que falaba de Lózara e insistía que era Lózara, "pues fíjense en los letreros de las carreteras" —decía—. Agora Sr. Benito, ¿por qué non se fixa vostede nos letreiros?

Pro non, non é éste, amigos de A NOSA TERRA, o único síntoma de que o caciquismo mexa por nos. Fíxense vostedes, pouco antes das eleccións do primeiro do marzal, personouse en Lóuzara o que daquelas era ministro, non sei de qué, agora tamén ministro, señor Otero Novas, primeiro da lista de UCD por Lugo, acompañado de "Toñito da Calaza" de Sarria, que facía o número tres da mesma candidatura, e outros cuarenta e pico ou cincuenta persoeiros. Venancito da granxa de Castroncán, Chaos de Vigo, David da Línea..., que despois de xantar na casa do "Cucú", remataron o seu acto político na Ponte, na casa do Enrique, tomando o café e facendo promesas das instalacións de teléfonos e de amañar as carreteiras decontado. Agora, os que todos pensaban que era "el super hombre", esqueceuse de Samos e de Lóuzara, noustante nestas derradeiras eleccións haber que votar outra vez a UCD, non vaia ser que se enfade o ministro e teñamos que seguir sin o teléfono e sin carreteira.

Se ben se mira, aos de Samos sempre nos toca bailar coa máis fea. Non se sabe a de anos que estivemos aturando o dominio do convento e dos do Río, e aínda que o meu amigo, Lois Celeiro, falaba neste mesmo semanario da "Agonía do clero feudal", o caciquismo eiquí non morreu, enmascarouse, e o que antes era Falanxe, sigue a selo co nome de "centro" ou CD, os caciques seguírannos gobernando; o mesmo Venancio da granxa de Castroncán, seica lles chaman espantallos aos candidatos que puñeron por UCD, e afirman que se entraban eles, o axuntamento gobernariano entre el e o Fuentes.

Velaí onde vai a sorte do noso destino, outra vez o voto, pra os de fora. Pro como dice o Arias de Chaos, "se non cumplimos, a prósima vez fora".

Xa pra rematar, contareivos que 102 votos foron recollidos no axuntamento pra emitir por correo. Collían polas casas os datos de cantas persoas podían, na Xunta electoral dábanlle o certificado conforme estaban censados, e aí che vai, a Correos.

E o día tres na mesa de Samos, fíxense vostedes se seerían democratas, despois do reconto aparecían cinco votos máis que vot antes, e tentaban axustar anotando cinco nomes do censo máis que non foran votar, e o máis curioso da pastranada é que a Sra. administradora de Correos, presidente da mesa, decide que o apoderado do Bloque iba alí a armar follón, porque éste esixía que se fixeran as actas ben, ou seña, constando o número esacto de votantes e o número de votos, sin amaños nin axustes, sinxelamente a verdade.

LOIS RODRIGUEZ CELEIRO
Lóuzara. Samos

ANUNCIOS DE BALDE

Si alguén vén a Galicia dende Madrid o día 28 pra voltar o día 30, que chame ao **teléfono 4163393 de Madrid e que pregunte por Suso.**

Dou clases a nenos de preescolar e deica cuarto de EXB. Ou senón, tamén coidaría pequenos polas mañás ou polas tardes. Chámome **Mari Carmen e vivo na rua das Hortas-53. Santiago.**

Gustariame intercambear adesivos con rapaces-as de todo o Estado Español, especialmente Euskadi e Catalunya. Escribide a **Xullo Fontecha, rua División Azul, terceiro. A Coruña.**

"Troco pegatinas de partidos e organizacións revolucionariaias de todas as nacions". Poñerse en contacto escribindo a M. Carmen Morón. **R/Pinceles 25. Madrid-18.**

"Escola de gaitas e danzas. Grupo musical. **"Toxos e Xestas". R/ Maspóns 16. Barcelona. Teléfonos: 288578 e 3865652.**

"CAPTA A UNHA EMIGRANTE GALEGA"

Hoxe quero xurdir dende as groriosas páxinas diste periódico noso pra chegar a miña "amiga emigrante"; cuarenta anos de aldraxes non apagaron isa estrela de liberación que se dibuxa no azul do limpo ceo galego; algún día, isa estrela erguerase en asaño ie dun súpeto de lume! esfaragullará o ventre disa nube moura que coloniza o azul da nosa bandeira..., e entón a miña amiga, xunto con todos os irmáns e irmás podrá voltar á súa nazon, ao colo da nosa nai Galiza.

A miña amiga vive en "X", máis tamén poidera ser que vivira en "Z" ou en "H"; "X" é ise carruncho "glorioso pra vergonza do **colonialismo español"**, é isa outra loita que en vieiro parello a Canarias, Catalunya e Galiza desenrola Euzkadi; precisamente Euzkadi figura na testa liberadora das distintas nazóns que España encadea. Dende Galiza quero unirme a miña amiga emigrante pra que seña voceiro de todos os meus irmáns, pra que dende alí onde se topen berren pola súa liberación, polo seu pretiño voltar a Galiza; e sobor de todo, a aqueles que se topan en Euzkadi, que unan o seu esforzo ao esforzo disa nazón, representado nises latexos que son: "Acción Nacionalista Vasca", "Partido Socialista Vasco", "Partido Socialista Revolucionario Popular" e "Partido Revolucionario dos Traballadores Patriotas", células dise mosaico abertzale que é ise gran berro chamado "¡¡Herri Batasuna!!" (Maio de 1978), porque si vos unides a iles estaredes tamén un pouquiño unidos a Galiza. Unha proba disa unón son ises catro compañeiros que o Bloque Nacional-Popular Galego presentou conxuntamente con Herri Batasuna en Euzkadi o día 3 de abril como candidatos aos axuntamentos de Eibar (Francisco Domínguez), Trintxerpe (Xosé Manoel Mera Ferreira), i Ermua (Manolo Alvarez Alvarez e Milagros Alvarez).

BENTO SALGADO
Viana do Bolo

ELECTRONICA

Amigos de A NOSA TERRA:

Quixera dirixirme aos que veñen seguindo o Curso de Electrónica que escribo pra A NOSA TERRA, por se teñen algunha dúbida ou algo non lles queda craro. Pódense dirixir a min e crarexarei dúbidas, se son poucas, por carta personal, e se son moitas, ben no propio semanario, ou xa se amañaría o xeito.

Atentamente,

XOSE RAMON RODRIGUEZ FERNANDEZ
Penaxubeira—Rubián de Cima
Incio (LUGO)

ADIOS, PEDRIÑA DA BARCA...

Escríbelles o fotógrafo de Muxía, e aínda tarde, doulles as gracias pola sua foto, obtida naquel viaxe que eiquí fixeron no mes de xulio do 1977.

Recurro a vostedes por ser galeguistas pra que me informen sobor dun título en galego que quero imprimir nunha tirada de postais en cor co asunto de "A Pedra da Barca", rota polo temporal do 15 do 1977 e pra tal, mándolles tres títulos pra que me digan cal quedaría millor e reformar as erratas que eu poña.

Agradézolles me contesten a volta de correo, por estar a tirada nas máquinas e non faltar máis que o título.

Daquela eu estaba en Corcubión cuns fillos de vacacións, pro un señor turista comproume un número de "A NOSA TERRA", que conservo en Muxía onde viña o relato do seu viaxe.

Como teño en proiecto editar un libriño co máis importante de Muxía, a miña terra nadal, desexo saber de vostedes, si me autorizan a poñer ese artículo e de facelo, xa lles mandaría un exemplar e tamén unha foto.

Hoxe mándolles unha da última edición por se non a teñen, pra que a conserven como lembranza do seu viaxe.

RAMON CAAMAÑO

* * *

Santiago, a 17 de abril de 1979.

Estimado comunicante: Vimos de recibir a sua carta, e dada a urxencia en que nos pón, tanto como o indubidable interés que o seu traballo nos merece, procedemos a respostar sen tardanza. No que fai referencia ao emprego do orixinal "Mar adiantee. Polas rutas da nosa terra", aparecido no número 24 do noso semanario, damos gostosos a nosa autorización prá sua inserción no libro de que nos fala. Con respecto ao outro asunto, e recollendo a calidade de xueces literarios que vostede nos outorga, coidamos (é un criterio personal, subxetivo e xa que logo, moi discutible), que a máis feita cecais que seña a segunda, a que di:

ADIOS, PEDRIÑA DA BARCA,
NON TE VEREI XA ABALAR,
E CO TEU SON MAXESTOSO,
TANTA XENTE ACOBILLAR.

Somente unha precisión. Vostede di que lle reformemos as "erratas" do seu galego. O seu galego é, no esencial, tan correcto coma calqueira outro. Se facemos algunha corrección é, máis que nada, pra deixar o enunciado nas formas máis comúns dentro do mosaico dialectal do noso idioma.

E nada máis. Quedamos á sua disposición.

Un saúdo nacionalista,

XOSE MANUEL GONZALEZ PEREZ
Corrector

OS MARTERES DE CARRAL

Valentes marteres de Carral
po la traeceón de Narvaez fusilados,
merecedes un himno xenial
por todos aqueles que os lembramos.

* * *

O grito da libertade que do peito
vos saleu quedará sempre gravado;
¡Valentes Solís, e compañeiros
que lle quiseches dar o pobo asoballado!

* * *

A negra sorte afondeu vosos deseios
que con esprito feliz e namorado
os levaba a loita triunfantes
por verses ceibo dos crues malvados.

* * *

Caestes ó fin, marteres groriosos
po la negra sorte... imáis grorificados,
seredes sempre exempro vivo
e por todos tamén adimirados!

* * *

Día vén craro ese moimento
que en Carral vese alín en cravado,
pra que todas as xeneracións
o sepan vicalo e respetado.

ANTONIO PRADO DIAZ



SOLUCIONS AO CRUCIGRAMA

1.— MEAS. AFIA. 2.— ANXO. TEAR. 3.— D. ABAIXAR. E. 4.— AGRES. ALAGA. 5.— X. L.. 6.— OUTRO. 7.— R. U. 8.— MURAR. AVIDO. 9.— O. APOUSAR. U. 10.— AS. O. C. EL. 11.— SOAN. ATUA.

A NOSA TERRA

VELAÍ VÉN O MAIO

X.M.G.P./P.B.

Os "maios" galegos non supoñen feito diferencial ningún da nosa cultura, pois, na sua esencia, nin a festa nin os seus ritos son orixinais nin esclusivos do noso país. Está por determinar o orixe, que algúns insisten en remontar á pretendida "comunidade indo-europea", pero o que é seguro,é que a festa primaveiral, coas connotacións propias da estación, culto á fecundidade, esuberancia vexetal, despertar do "letargo" invernal, renovación, en fin, está presente dalgunha maneira por toda Europa, co mesmo fondo, con moi semellante ritual, tributo que se rende ao seu común orixe naturalista-panteista, anque con diferencias asegún os países, froito da diferente realidade social e vital e do devalar histórico das nacionalidades.

En Galicia, na sua primitiva significación é manifesto que os "maios" estiveron espallados por todo o país. E se a "máquina aniquiladora" non foi quen de dar remate deles, sí conseguiu confinalos aos reducidos e localizados puntos onde hoxe non somente conservan tradición, senón que, do xeito que tantas outras festas populares, medran en pulo, vida e participación popular: todas as Rías Baixas, singularmente a cidade de Pontevedra, puntos das Rías Altas, entre elas a vila de Pontedeume, a cidade de Ourense e cecais algún outro lugar "escenifican" cada ano o ritual do "maio". E éste non difire alá moito de moitos outros, gardando sobre todo semellanza grande co "enterro do antroido". Téñase o "maio", xeralmente un obxeto construido ou simulado de xeito máis rudimentario (en Pontevedra tén forma de cono, noutras vilas barquiños feitos con paus) e sempre cubertos de motivos vexetais (follas, ramallo...), lévano entre catro ou mais "portores" e paseándoo, cántanselle coplas. Caso orixinal e interesante é o "maio" de Pontedeume, que é un home deitado no chan e coberto de ramallo ao que se lle canta:

"Erguete maio
que tanto dormiches,
pasou o burro
e tí non o viches",

como resposta ao cal o "maio" ergue. Referencia evidente todo elo ao "letargo" invernal e ao despertar ou renovación.

As coplas serían, por suposto, alusivas ao tema. Pero co tempo foise metendo o espíritu rexoubeiro, autocrítico, que preside boa parte do noso cantigueiro e en particular o pertenecente a este tipo de celebracións comunais. E non coido que seña doado atoparmos "maios" actuais fora do tema e tratamento satírico, e concretamente da problemática local da cidade en cuestión. Lembramos agora o primeiro que caira nas nosas mans, un "maio" da cidade de Pontevedra do ano 72, ou os que o Frente Cultural da AN-PG de Ourense quitou o pasado e presente ano, do que ofrecemos mostra cumprida:

E ao fin, ai Ourense! ,
quen move os teus fíos
máis tenues nin vive
ao pé dos teus ríos.

Pois es de Galicia,
estás dirixido
por maos extranxeiras,
Ourense querido.

Ai, maos extranxeiras!
Ai, maos de bestonia!
Ai, fede Galicia
anque é unha colonia!

Mais hai nesta terra
narices artistas
que din que non fede:
os españolistas.

Son eses que admiten
que cheira algo mal
somente aquel cheiro
que é universal.

Son eses que esclaman
con cara de leña:
"Galicia me gusta,
pero es tan pequeña! "

O "maio" non é festa pra se perder. A pesares do seu primitivo carácter, a pesares das suas connotacións ruralistas, trátase de evolucionar e lle dar contido dos nosos días á nosa herdanza cultural. Boa proba da sua posibilidade é o propio "maio" que dende as suas antiquísimas fontes, se adaptou, asentou e sobreviviu ás etapas feudal e precapitalista. ¿Por qué abandonalo agora?

E, festa nacional que foi, era ben volvelo implantar nacionalmente. Hai dous anos, certo poeta local construiu un "Maio de Lugo" que anque de forte temática electoralista, dada a realidade política do momento, ben pode ser un punto de partida. E igual que ese, tantos outros.